

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

**8556** *Circular 6/2020, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte, redes locais e regasificación de gas natural.*

A Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural e pola que se derroga a Directiva 2003/55/CE, recoñece como un dos aspectos fundamentais para a creación do mercado interior de gas natural o establecemento de tarifas de acceso ao transporte. Neste senso, o considerando 23 e o artigo 41 desta directiva determinan, por unha parte, a necesidade de adoptar medidas para «garantir tarifas de acceso transparentes e non discriminatorias ao transporte» e, por outra parte, que as autoridades reguladoras terán, entre outras competencias, a de establecer ou aprobar, de conformidade con criterios transparentes, as tarifas de transporte ou distribución, ou as súas metodoloxías, velando por que non sexan discriminatorias e non haxa subvencións cruzadas entre as actividades de transporte, distribución, almacenamento, GNL e fornecemento.

O Regulamento (CE) nº 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1775/2005, ten por obxecto establecer normas non discriminatorias sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural, co fin de garantir o correcto funcionamento do mercado interior do gas.

O artigo 13 do citado Regulamento (CE) nº 715/2009 determina que as tarifas de acceso, ou os métodos para calculalas, deberán respectar os principios de transparencia e non discriminación entre distintos usuarios, evitarán subvencións cruzadas entre os usuarios da rede, proporcionarán incentivos para o investimento e mantemento ou creación da interoperabilidade das redes de transporte e non limitarán a liquidez do mercado nin distorcerán o comercio transfronteirizo das diferentes redes de transporte. Adicionalmente, establece que as tarifas para os usuarios da rede se fixarán por separado por cada punto de entrada ou punto de saída do sistema de transporte. Por último, establece que cando as diferenzas nas estruturas tarifarias ou nos mecanismos de balance constitúan un obstáculo ao comercio entre as redes de transporte, sen prexuízo do disposto no artigo 41, número 6, da Directiva 2009/73/CE, todos os xestores de redes de transporte fomentarán activamente, en estreita colaboración coas autoridades nacionais competentes, a converxencia das estruturas tarifarias e dos principios de tarificación incluíndo tamén os relativos ao balance.

O Regulamento (UE) 2017/460 da Comisión, do 16 de marzo de 2017, polo que se establece un código de rede sobre a harmonización das estruturas tarifarias de transporte de gas, ten por obxecto fixar as normas de harmonización das estruturas tarifarias de transporte de gas. Este regulamento impón á autoridade reguladora nacional unha serie de obrigacións relativas ao procedemento de establecemento da metodoloxía de cálculo e a información que debe acompañar a publicación das tarifas.

Adicionalmente, o citado regulamento establece que, simultaneamente coa consulta final efectuada de conformidade co artigo 26, a autoridade reguladora nacional realizará unha consulta sobre os principios do mecanismo de compensación efectivo entre xestores de redes de transporte e as súas consecuencias sobre os niveis tarifarios.

Por outra parte, o artigo 28 establece que, simultaneamente coa consulta final efectuada de conformidade co artigo 26, número 1, a autoridade reguladora nacional consultará as autoridades reguladoras nacionais de todos os Estados membros

conectados directamente e todas as partes interesadas pertinentes sobre o nivel dos multiplicadores; se procede, o nivel de factores estacionais e os niveis de descontos aplicables aos produtos estándar de capacidade interrompible e ás entradas desde instalacións de GNL e nos puntos de entrada e de saída desde as infraestruturas construídas con obxecto de pór fin ao illamento dos Estados membros.

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, para efectos de transferir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias dadas ao regulador na normativa europea.

A través da citada modificación, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, asignou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a función de establecer mediante circular, logo de trámite de audiencia e seguindo criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, a estrutura e a metodoloxía para o cálculo das peaxes dos servizos básicos de acceso ás instalacións gasistas destinadas a cubrir a retribución asociada ao uso das instalacións das redes de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado.

Así, o artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, sinala que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, mediante resolución, os prezos das peaxes e canons de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado de acordo coa metodoloxía e estrutura que para estes efectos sexa aprobada por ela mesma, mentres que o Goberno establecerá a metodoloxía para o cálculo dos canons dos servizos básicos de acceso aos almacenamentos subterráneos, sendo o titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, o responsable de aprobar os prezos dos canons de acceso aos almacenamentos subterráneos básicos.

Adicionalmente, establece que as peaxes e canons terán en conta os custos ocasionados polo uso das instalacións de maneira que se optimice o uso das infraestruturas e poderán diferenciarse por niveis de presión, características do consumo e duración dos contratos. Estes prezos deberán respectar o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema gasista e ser suficientes para cubrir os custos polo uso das instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado. Finalmente, o citado artigo establece que, con carácter xeral, as peaxes e canons de acceso ás instalacións gasistas, así como os cargos, se establecerán anualmente e que corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a aprobación das peaxes e canons de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado.

O artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, estipula que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá a metodoloxía para o cálculo das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado respectando o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema gasista e de suficiencia para cubrir os custos asociados ao uso das ditas instalacións, de acordo co previsto na lei citada e na normativa de desenvolvemento.

A metodoloxía para o cálculo das peaxes de acceso ás infraestruturas gasistas establecida na presente circular consiste na definición dunhas regras explícitas para asignar os custos da regasificación, transporte e distribución de forma obxectiva, transparente, non discriminatoria e seguindo criterios de eficiencia no uso das infraestruturas. Neste senso, establécense peaxes diferenciadas para cada un dos servizos prestados tendo en conta as infraestruturas que interveñen na prestación de cada

servizo. Así mesmo, a estrutura das peaxes e canons de acceso ás infraestruturas gasistas determínase tendo en conta as variables indutoras do custo para cada un dos servizos prestados polas infraestruturas gasistas.

A circular adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade e eficiencia, e é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos obxectivos que persegue.

A proporcionalidade da circular deriva do feito de conter a regulación imprescindible para determinar a metodoloxía de cálculo das peaxes de acceso. Isto é, establece os principios xerais que rexen a metodoloxía de cálculo, as fórmulas para determinar as peaxes de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de regasificación e recolle os procedementos que se deben seguir e a información que deben achegar os distintos axentes para a determinación das peaxes.

O principio de transparencia cúmprese ao definir claramente os obxectivos da circular e a súa xustificación. Durante a tramitación cúmplense todas as exixencias normativas en materia de participación e audiencia de interesados.

Por outra parte, a circular busca xerar as menores cargas administrativas para os administrados, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos necesarios.

Esta circular despraza as disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de gas natural, disposicións que, nas materias que son obxecto de regulación nesta circular, viran agora inaplicables, conforme o establecido no citado real decreto lei. Dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria. Este efecto prodúcese sen prexuízo de que, a través, se for o caso, de mecanismos de cooperación, se poida articular unha táboa de vixencias para facilitar o coñecemento das normas aplicables nestas materias, así como que se dea publicidade, a través das oportunas páxinas web, ao compendio de normas aplicables, estruturado por materias.

Por todo o anterior, conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.d) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de trámite de audiencia, así como dos trámites previstos no Regulamento (UE) 2017/460 con respecto á Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía e ás autoridades reguladoras nacionais de Francia e Portugal e de acordo coas orientacións de política enerxética establecidas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, segundo as conclusións alcanzadas a este respecto na Comisión de Cooperación prevista no artigo 2 do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, e de acordo co Consello de Estado, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do 22 de xullo de 2020, acordou emitir a presente circular.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto da circular.*

Constitúe o obxecto da presente circular o establecemento da metodoloxía para o cálculo das peaxes dos servizos básicos de acceso ás infraestruturas gasistas de transporte, distribución e regasificación.

Así mesmo, constitúe o obxecto da presente circular o establecemento do mecanismo de compensación entre os xestores da rede de transporte, de acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (UE) 2017/460 da Comisión, do 16 de marzo de 2017, polo que se establece un código de rede sobre a harmonización das estruturas tarifarias de transporte de gas.

## Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos exclusivamente do establecido nesta circular, serán de aplicación, ademais das definicións establecidas no artigo 3 do Regulamento (UE) 2017/460 da Comisión, do 16 de marzo de 2017, polo que se establece un código de rede sobre a harmonización das estruturas tarifarias de transporte de gas, as seguintes:

1. Rede de transporte: de acordo coa definición de transporte establecida no Regulamento (CE) n.º 715/2009, a rede de transporte será a rede troncal prevista no artigo 59.2.a) 1.º da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

2. Redes locais: inclúen as seguintes instalacións, nos termos do artigo 59, números 2.a) 2.º, 3 e 4, da Lei 34/1998, do 7 de outubro:

a) Os gasodutos de transporte primario (presión de deseño igual ou superior a 60 bar) utilizados para o fornecemento local de gas natural.

b) As redes de transporte secundario que están formadas polos gasodutos de presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bar.

c) A rede de distribución, que comprende os gasodutos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bar e aqueles outros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conducir o gas a un único consumidor partindo dun gasoduto da rede de transporte, rede de influencia local ou rede de transporte secundario.

3. Modelo de rede simplificado: representación esquemática da rede de transporte troncal. O modelo de rede determina a distancia desde cada unha das posicións da rede de transporte até cada unha das posicións adxacentes a ela.

4. Demanda de gas transportada: volume de gas que circula a través da rede de transporte. Non inclúe, por tanto, a demanda dos consumidores abastecidos desde plantas satélite.

5. Capacidade contratada prevista equivalente do servizo S: capacidade contratada prevista que incorpora o impacto dos multiplicadores aplicables aos contratos de duración inferior ao ano. Calculárase de acordo co establecido no artigo 4 da presente circular.

6. Niveis de presión tarifarios: niveis de presión que se consideran para os efectos da metodoloxía de asignación da retribución da rede de influencia local, rede de transporte secundario e rede de distribución. En particular, considéranse NP0 (nivel de presión inferior ou igual a 4 bar), NP1 (nivel de presión superior a 4 bar e inferior ou igual a 16 bar), NP2 (nivel de presión superior a 16 bar e inferior ou igual a 60 bar); NP3 (nivel de presión superior a 60 bar).

7. Grupo tarifario: agrupación de fornecementos coas mesmas características independentemente da súa presión de conexión.

8. Período regulatorio: período durante o cal permanece vixente a metodoloxía

9. Período tarifario: período durante o cal se aplica un determinado nivel de peaxes.

10. Ano de gas: período comprendido entre o 1 de outubro dun ano e o 30 de setembro do ano seguinte.

11. Perfil de consumo: demanda horaria ou diaria de gas demandada ao longo dun período, tipicamente un ano de gas.

12. Tempo medio de operación: intervalo, en horas, comprendido entre o momento en que o barco estea atracado e listo para a descarga nunha planta de regasificación e o momento en que se produza a desconexión dos brazos de descarga.

**Artigo 3. Principios xerais.**

A metodoloxía de asignación da presente circular baséase nos seguintes principios tarifarios:

- Suficiencia. As peaxes de cada unha das actividades garanten a recuperación da retribución correspondente á dita actividade, de acordo coas previsións realizadas.
- Eficiencia. As peaxes calculadas coa metodoloxía da presente circular asignan os custos das infraestruturas a cada grupo tarifario segundo o principio de causalidade, evitando subsidios cruzados entre grupos tarifarios e incentivando a eficiencia no fornecemento.
- Transparencia e obxectividade. Os criterios de asignación da retribución recoñecida ás infraestruturas, a información de entrada e os parámetros aplicados na metodoloxía están definidos explicitamente na presente circular e son públicos.
- Non discriminación entre os usuarios das infraestruturas coas mesmas características, xa estean localizados no territorio nacional ou fóra do territorio nacional.
- A metodoloxía de asignación promoverá a competencia e o comercio eficiente de gas.

**Artigo 4. Capacidade contratada prevista equivalente.**

1. A capacidade contratada equivalente correspondente ao servizo  $s$  no período tarifario  $n$  resulta de aplicar a seguinte fórmula:

$$Q_{s,n} = \sum_{i=1}^m \frac{Q_{s,i,n}^d \times D_i^d}{D} \times M_d$$

Sendo:

- $m$ : o número de contratos  
 $Q_{s,n}$ : a capacidade contratada equivalente prevista para o servizo  $s$  no período tarifario  $n$ .  
 $Q_{s,i,n}^d$ : a capacidade contratada prevista correspondente ao servizo  $s$  do contrato ou agrupación de contratos  $i$  con duración  $d$  no período tarifario  $n$ .  
 $D_i^d$ : a duración en días do tipo de contrato  $i$ , excepto para o produto intradiario que se calculará en horas  
 $D$ : o número de días do ano, que tomará o valor de 365 ou 366 nos anos bisestos. No caso dos produtos intradiarios a duración do contrato establécese en horas, polo que  $D$  tomará o valor de 8.760 ou 8.784 en lugar de por 365 ou 366, respectivamente.  
 $M_d$ : o multiplicador de curto prazo aplicable aos contratos con duración  $d$ .

2. No caso dos produtos interrompibles o multiplicador será o resultado de considerar tanto o coeficiente de curto prazo como o desconto do produto interrompible respecto do produto firme.

**CAPÍTULO II****Peaxes de acceso ás redes de transporte****Artigo 5. Ámbito de aplicación das peaxes de transporte.**

1. O presente capítulo será de aplicación para a determinación dos termos de facturación das peaxes de transporte aplicables aos usuarios con dereito de acceso ás instalacións, de acordo co disposto no artigo 61 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

2. As peaxes de transporte non serán de aplicación aos consumidores abastecidos desde plantas satélite.

Artigo 6. *Custos que inclúen as peaxes da actividade de transporte.*

1. As peaxes da actividade de transporte incluírán os seguintes conceptos:

- a) A retribución anual da rede de transporte, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- b) As revisións, se for o caso, da retribución anual da rede de transporte correspondentes a exercicios anteriores.
- c) As diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes da actividade de transporte correspondente a exercicios anteriores.
- d) As compensacións por interrompibilidade aboadas aos usuarios de rede correspondentes a exercicios anteriores, de acordo co establecido no artigo 15.
- e) Outros ingresos ou custos liquidables imputables segundo se estableza na normativa vixente, diferentes dos anteriores.

2. Na determinación das peaxes da actividade de transporte incluíranse, se for o caso, as primas obtidas nas poxas de capacidade dos puntos de entrada e puntos de saída da rede de transporte.

Artigo 7. *Definición dos servizos prestados polas infraestruturas de transporte.*

1. As infraestruturas de transporte prestan os seguintes servizos de transporte:

- a) Entrada á rede de transporte: inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para o transporte do gas desde o punto de entrada á rede de transporte até o punto de intercambio virtual da rede de transporte.
- b) Saída da rede de transporte: inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para o transporte de gas desde o punto de intercambio virtual da rede de transporte até a saída da rede de transporte.

A saída desde a rede de transporte cara ás plantas de regasificación defínese como un produto de capacidade condicional suxeito á existencia de entradas físicas na rede de transporte desde as plantas de GNL superiores ao mínimo técnico de regasificación.

2. As infraestruturas de transporte non prestan ningún servizo non asociado a transporte.

Artigo 8. *Estrutura das peaxes de transporte.*

1. De acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (UE) 2017/460, defínese a seguinte estrutura das peaxes de transporte:

- a) Peaxe de entrada á rede de transporte: consta dun termo fixo por capacidade contratada, expresado en €/kWh/día/ano, e un termo variable por volume, expresado en €/kWh, ambos os termos con seis decimais.
- b) Peaxe de saída da rede de transporte: consta dun termo fixo por capacidade contratada, expresado en €/kWh/día/ano e un termo variable por volume, expresado en €/kWh, ambos os termos con seis decimais.

2. No caso de puntos de fornecemento sen obrigação de dispoñer de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado substitúese o termo fixo por capacidade contratada por un termo fixo por cliente, expresado en €/cliente e ano con dous decimais, calculado en función do factor de carga previsto para cada unha das categorías de consumidores establecidas no artigo 21. Para estes efectos, serán de aplicación as condicións establecidas no artigo 25.

Artigo 9. *Asignación da retribución asociada á rede de transporte aos servizos prestados.*

1. A retribución recoñecida á actividade de transporte, exceptuando a parte da retribución recoñecida polo gas de operación, asignase aos termos fixos de capacidade contratada das peaxes de entrada e saída da rede de transporte, de acordo co establecido no artigo 4.2 do Regulamento (UE) 2017/460.

2. Da retribución recoñecida á actividade de transporte, exceptuando a parte da retribución recoñecida polo gas de operación, o 50% asignase ao termo fixo por capacidade contratada da peaxe de entrada e o 50% ao termo fixo por capacidade contratada da peaxe de saída.

3. A retribución recoñecida polo gas de operación asignase ao termo variable por volume, de acordo co establecido no artigo 4.3 do Regulamento (UE) 2017/460.

Artigo 10. *Determinación das peaxes de transporte baseadas en capacidade por punto de entrada e saída de duración anual.*

1. As peaxes de transporte baseadas en capacidade determinaranse conforme a metodoloxía de distancia ponderada por capacidade establecida no artigo 8 do Regulamento (UE) n.º 2017/460, cuxo detalle se recolle no anexo I.

2. Para efectos de aplicación da metodoloxía de distancia ponderada por capacidade, defínense os seguintes parámetros:

- a) Puntos de entrada á rede de transporte:
  - i) As conexións internacionais con terceiros países mediante gasoduto.
  - ii) As entradas desde as plantas de regasificación.
  - iii) As entradas desde xacementos e desde as plantas de biogás conectadas á rede de transporte.
  - iv) As entradas desde os almacenamentos subterráneos.
  - v) Calquera outro punto que inxecte gas na rede de transporte diferente dos anteriores.
- b) Puntos de saída á rede de transporte:
  - i) As conexións internacionais con países terceiros mediante gasoduto.
  - ii) Saída virtual cara a cada unha das plantas de regasificación.
  - iii) Cada unha das saídas da rede de transporte cara ás redes locais.
  - iv) As saídas cara aos almacenamentos subterráneos.
  - v) Calquera outro punto en que produza unha saída de gas desde a rede de transporte diferente dos anteriores.

c) Modelo de rede simplificado:

O modelo de rede simplificado correspóndese coa rede de transporte troncal física, coas seguintes simplificacións:

i) Os gasodutos duplicados consideraranse como un gasoduto único que incorporará todas as entradas e saídas deles.

ii) A planta de regasificación de Barcelona considerárase como un único punto de entrada e saída da rede de transporte, resultado de agrupar dúas conexións entre a planta de regasificación e a rede de transporte.

iii) Poderanse agrupar varios puntos de entrada ou varios puntos de saída, próximos entre si, nun único punto de entrada ou un único punto de saída, respectivamente.

d) A capacidade contratada prevista en cada punto de entrada e en cada punto de saída corresponderá coa capacidade contratada equivalente de cada punto de entrada e cada punto de saída.

e) A distancia mínima entre cada punto de entrada e cada punto de saída será determinada tendo en conta os gasodutos non bidireccionais existentes na rede de transporte.

Artigo 11. *Determinación das peaxes de transporte baseados en capacidade de duración anual nos puntos de interconexión virtual.*

1. Conforme o artigo 22 do Regulamento (UE) n.º 2017/460, as peaxes de transporte baseadas en capacidade de aplicación nos puntos de entrada e de saída nun punto de interconexión virtual calcúlanse conforme a seguinte fórmula:

$$P_{VIP} = \frac{\sum_{i=1}^n (P_i \times CAP_i)}{\sum_{i=1}^n CAP_i}$$

Onde:

$P_{VIP}$ : é a peaxe de transporte baseada en capacidade aplicable ao punto virtual.

$P_i$ : é a peaxe de transporte aplicable aos puntos físicos que integran o punto virtual, resultante de aplicar a metodoloxía descrita no artigo 10.

$CAP_i$ : é a capacidade prevista para cada un dos puntos físicos que integran o punto virtual, considerada na aplicación da metodoloxía descrita no artigo 10.

$i = 1 \dots n$ : é cada un dos puntos físicos que integran o punto virtual.

2. Se a peaxe de transporte baseada en capacidade dun punto ou agrupación de puntos resultar indeterminada, motivada porque a capacidade contratada prevista sexa nula, as peaxes de transporte baseadas en capacidade para ese punto ou agrupación de puntos corresponderase co que tería resultado de aplicar a metodoloxía considerando que a capacidade contratada para ese punto for igual a 1 MWh/día.

Artigo 12. *Axustes nas peaxes de transporte baseados en capacidade resultantes da metodoloxía de capacidade ponderada por distancia de duración anual.*

1. Conforme o artigo 6 do Regulamento (UE) 2017/460, establécese un prezo homoxéneo ás seguintes agrupacións de puntos de entrada e puntos de saída:

- Entradas na rede de transporte desde plantas de regasificación.
- Entradas na rede de transporte desde almacenamentos subterráneos.
- Saídas da rede de transporte cara a plantas de regasificación.
- Saídas da rede de transporte cara aos almacenamentos subterráneos.
- Saídas da rede de transporte cara ás redes locais.

2. As peaxes de transporte baseadas en capacidade de cada agrupación de puntos de entrada e de cada agrupación de puntos de saída determinarase aplicando o establecido no artigo 11.

3. Conforme o artigo 9.1 do Regulamento (UE) 2017/460, establécese un desconto do 100% ás peaxes de transporte baseadas en capacidade de aplicación ás entradas e saídas, desde ou cara aos almacenamentos subterráneos.

4. Conforme o artigo 9.2 do Regulamento (UE) 2017/460, establécese un desconto do 13,9% ás peaxes de transporte baseadas en capacidade de aplicación ás entradas desde instalacións de GNL, a fin de aumentar a seguranza de fornecemento.

5. As peaxes de transporte baseadas en capacidade aplicables aos puntos de entrada e saída da rede de transporte axustaranse para asegurar a suficiencia destes.

Artigo 13 *Peaxe de transporte baseada en volume.*

1. A peaxe de transporte baseada en volume será única e aplicarase a todas as entradas e saídas da rede de transporte.



2. A peaxe de transporte baseada en volume resulta do cociente entre a retribución asociada ao gas de operación e a suma dos volumes de entrada e saída previstos para o período tarifario correspondente.

3. No anexo I detállase a metodoloxía aplicable para calcular as peaxes de transporte baseadas en volume.

Artigo 14. *Multiplicadores aplicables aos contratos de duración inferior a un ano.*

1. Os multiplicadores aplicables aos contratos trimestrais, mensuais e diarios calcularanse de forma que, dado o perfil de consumo diario previsto para o servizo s, a facturación de cada un deses contratos sexa equivalente á que resultaría para o contrato anual. Os multiplicadores serán o resultado da media dos que resulten para os últimos catro anos con información completa.

2. O multiplicador aplicable aos contratos intradiarios será o resultado do produto do multiplicador diario determinado no punto anterior polo coeficiente que resulta para unha duración do contrato intradiario de 12 horas.

O coeficiente anterior resultará da media dos coeficientes dos catro anos anteriores. O coeficiente correspondente ao ano n e un contrato intradiario de 12 horas calcularase de forma que, dado o perfil de consumo horario rexistrado no ano n para o servizo s, a facturación que obtería o consumidor medio en caso de formalizar un contrato diario e a facturación que obtería de combinar contratos diarios e intradiarios de 12 horas sexa equivalente.

3. Os multiplicadores aplicables ás saídas da rede de transporte cara á rede local inclúen factores estacionais, que se determinarán aplicando o seguinte:

a) Coeficiente mensual:

$$C_{M,m} = [(Q_{m,a} \times 12)^n] \times M_M$$

Onde:

$C_{M,m}$ : é o coeficiente que terá que aplicarse á peaxe do produto estándar de capacidade anual para obter a peaxe estándar de capacidade mensual, correspondente ao mes m.

En caso de que a media aritmética dos coeficientes mensuais supere o valor do multiplicador, deberán axustarse.

$Q_{m,a}$ : é a proporción que representa o mes m no cómputo do ano a.

O coeficiente  $Q_{m,a}$ : determinarase considerando o perfil medio rexistrado nos catro últimos exercicios para os cales se dispón de información fechada.

n: é a potencia máxima aplicable tal que ningún  $C_{M,m}$  sexa inferior á unidade. Tomará un valor comprendido entre 0 e 2.

$M_M$ : é o nivel do multiplicador mensual determinado no artigo 14.1.

b) Coeficiente trimestral

$$C_{T,t} = C_{T0,t} \times M_T$$

Sendo:

$C_{T,t}$ : o coeficiente que terá que aplicarse á peaxe do produto estándar de capacidade anual para obter a peaxe estándar de capacidade trimestral, correspondente ao trimestre t.

En caso de que a media aritmética dos coeficientes trimestrais supere o valor do multiplicador, deberán reescalarse.

$C_{T0,t}$ : o valor inicial do coeficiente correspondente a un trimestre t. Tomarase como valor de inicio ben a media aritmética dos coeficientes mensuais respectivos aplicables aos tres meses correspondentes ben un valor que non será inferior ao coeficiente mínimo

nin superior ao coeficiente máximo dos coeficientes mensuais aplicables aos tres meses correspondentes.

$M_T$ : o nivel do multiplicador trimestral determinado no artigo 14.1.

c) Coeficiente diario

$$C_{D,m} = C_{M,m} \times M_D$$

Sendo:

$C_{D,m}$ : o coeficiente que terá que aplicarse á peaxe do produto estándar de capacidade anual para obter a peaxe estándar de capacidade diaria no mes m.

En caso de que a media aritmética dos coeficientes supere o valor do multiplicador, deberán reescalarse.

$C_{M,m}$ : o coeficiente que terá que aplicarse á peaxe do produto estándar de capacidade anual para obter a peaxe estándar de capacidade mensual, correspondente ao mes m.

$M_D$ : o nivel do multiplicador para a capacidade diaria determinado no artigo 14.1.

d) Coeficiente intradiario

$$C_{I,m} = C_{M,m} \times M_I$$

Sendo:

$C_{I,m}$ : o coeficiente que terá que aplicarse á peaxe do produto estándar de capacidade anual para obter a peaxe estándar de capacidade intradiaria no mes m.

En caso de que a media aritmética dos coeficientes supere o valor do multiplicador intradiario, deberán axustarse.

$C_{M,m}$ : o coeficiente que terá que aplicarse á peaxe do produto estándar de capacidade anual para obter a peaxe estándar de capacidade mensual, correspondente ao mes m.

$M_I$ : o nivel do multiplicador para a capacidade intradiaria determinado no artigo 14.2

4. Os multiplicadores aplicables aos contratos trimestrais e mensuais, resultantes do anterior, non serán inferiores a un nin superiores a 1,5.

5. Os multiplicadores aplicables aos contratos diarios, resultantes do anterior, non serán inferiores a un nin superiores a 3.

6. Os multiplicadores aplicables aos contratos trimestrais, mensuais, diario e intradiario arredondaranse a un decimal.

7. O multiplicador intradiario aplicable aos contratos intradiarios cuxa duración sexa igual a 24 horas será o correspondente ao contrato diario.

8. A contratación de peaxes de transporte de saída de duración inferior a un ano requirirá que o punto de fornecemento dispoña de equipamentos de telemedida instalados e operativos.

#### Artigo 15. *Peaxes de capacidade interrompible.*

1. Nas conexións internacionais con Francia e Portugal, se no período tarifario anterior ao ano de determinación das peaxes de transporte as interrupcións de capacidade se produciron por conxestión física, segundo se define no artigo 2.1.23 do Regulamento (CE) n.º 715/2009, as peaxes interrompibles aplicables á capacidade interrompible contratada calcularanse aplicando o seguinte:

a) Peaxe interrompible baseada en capacidade

$$Pi_{s,p,h} = (1 - Di_{exante,s,h}) \times P_{s,p,h}$$

Onde:

$Pi_{s,p,h}$ : é a peaxe interrompible baseada en capacidade aplicable ao servizo s, punto de entrada ou saída p, e duración h (anual, trimestral, mensual, diaria ou intradiaria).

$Di_{exante,s,h}$ : é o desconto *ex ante* aplicable ao servizo s de duración h (anual, trimestral, mensual, diaria ou intradiaria).

$P_{s,p,h}$ : é a peaxe baseada en capacidade aplicable ao servizo s, punto de entrada ou saída p, e duración h.

b) O desconto *ex ante* calcularase aplicando a fórmula seguinte:

$$Di_{exante,s,h} = Pro_{s,h} \times A \times 100\%$$

Onde:

$Pro_{s,h}$ : é a probabilidade de interrupción, que se calculará conforme a seguinte fórmula:

$$Pro_{s,h} = \left( \frac{N \times D_{int}}{D_h} \times \frac{Cap_{int,h}}{Cap_h} \right)$$

Onde

N: é a previsión do número de interrupcións.

$D_{int}$ : é a duración media das interrupcións expresada en horas.

$D_h$ : é a duración, en horas, do correspondente produto de duración h (anual, trimestral, mensual, diaria ou intradiaria).

$Cap_{int,h}$ : é a previsión de capacidade para interromper correspondente ao produto de duración h (anual, trimestral, mensual, diaria ou intradiaria).

$Cap_h$ : é a previsión de capacidade correspondente ao produto de duración h (anual, trimestral, mensual, diaria ou intradiaria).

A é o factor de axuste, que reflicte o valor económico da interrupción, non inferior a 1.

2. Nas interconexións internacionais con Francia e Portugal, se no período tarifario anterior ao ano de determinación das peaxes de transporte non se produciron interrupcións de capacidade, ou as producidas non foron motivadas por conxestión física, non se aplicarán peaxes interrompibles; serán de aplicación as peaxes firmes correspondentes.

Non obstante, os usuarios terán dereito a unha compensación *ex post* por cada día en que se lles producise unha interrupción. Esta compensación aplicarase ás interrupcións de capacidade contratada con natureza interrompible e calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$CI_{ex-post,s,p} = 3 \times \left( \frac{Cap_{int,s,p} \times M_s \times P_{s,p}}{365} \right)$$

Onde:

$CI_{ex-post,s,p}$ : é a compensación interrompible aplicable ao servizo s e punto de conexión p.

$Cap_{int,s,p}$ : é a capacidade interrompida no punto de conexión p atribuíble ao servizo s.

$M_s$ : é o multiplicador diario aplicable ao servizo s.

$P_{s,p}$ : é a peaxe anual baseada en capacidade aplicable ao servizo s e punto de conexión p.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

A compensación *ex post* será aboada polo responsable de facturar a peaxe de transporte dos puntos de fornecemento con dereito a ela, e será incorporada no mecanismo de liquidacións da actividade de transporte.

3. As condicións aplicables para que os consumidores nacionais teñan dereito á compensación por interrompibilidade serán as reguladas no artigo 24.

Artigo 16. *Condicións de facturación das peaxes de transporte.*

1. A facturación das peaxes de transporte será levada a cabo polos seguintes axentes:

a) O xestor técnico do sistema será o responsable de facturar as peaxes de entrada e saída da rede de transporte desde e cara ás plantas de regasificación e os almacenamentos subterráneos.

b) O operador da instalación de transporte será o responsable da facturación das peaxes de entrada e saída da rede de transporte do resto dos puntos, coa excepción das saídas cara ás redes locais.

c) O responsable da facturación da peaxe de saída da rede de transporte cara ás redes locais será o definido no artigo 26.1 como responsable da facturación das peaxes de acceso ás redes locais, considerando para estes efectos as mesmas variables de facturación que as utilizadas na facturación das peaxes de redes locais.

2. A facturación das peaxes de transporte será efectuada mensualmente polo responsable dela, coa excepción dos consumidores que, de acordo co establecido no artigo 51.2 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, teñan unha periodicidade de medida bimestral.

3. As peaxes de transporte constan dun termo de facturación fixo por capacidade contratada ou por cliente, un termo de facturación variable por volume e, se for o caso, un termo de facturación por capacidade demandada, que se determinarán de acordo co seguinte:

a) A facturación por capacidade contratada efectuarase de acordo coas seguintes fórmulas.

i) No caso de contratos de duración anual, trimestral, mensual ou diaria:

$$FC_{s,p,t} = Q_{s,p,t} \times \left( \frac{M_{s,p,t} \times TC_{s,p}}{365} \right) \times D$$

Onde:

$FC_{s,p,t}$ : é a facturación por capacidade correspondente ao servizo s, punto de entrada ou saída p e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en euros, con dous decimais.

$Q_{s,p,t}$ : é a capacidade contratada correspondente ao servizo s, punto de entrada ou saída p, e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en kWh/día.

$M_{s,p,t}$ : é o multiplicador aplicable ao servizo s, punto de entrada ou saída p, e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria). Para os contratos anuais considerarase un multiplicador de 1.

$TC_{s,p}$ : é o termo de capacidade baseado en caudal aplicable ao contrato anual correspondente ao servizo s e punto de entrada ou saída p, en €/kWh/día/ano.

D: é o número de días do contrato que pertencen ao período do servizo que se está facturando.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

Para estes efectos, os contratos de duración indefinida terán o mesmo tratamento que os contratos de duración anual.

ii) No caso de contratos de duración intradiaria:

$$FC_{s,p} = Q_{s,p} \times \left( \frac{M_{s,p} \times TC_{s,p}}{8760} \right) \times H$$

Onde:

$FC_{s,p}$ : é a facturación intradiaria por capacidade correspondente ao servizo s e punto de entrada ou saída p, expresada en euros, con dous decimais.

$Q_{s,p}$ : é a capacidade contratada intradiaria correspondente ao servizo s e punto de entrada ou saída p, expresada en kWh/hora.

$M_{s,p}$ : é o multiplicador aplicable ao servizo s e punto de entrada ou saída p.

$TC_{s,p}$ : é o termo de capacidade baseado en caudal aplicable ao servizo s e punto de entrada ou saída p en €/kWh/hora/ano.

H: é a duración do contrato expresada en horas.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 8.760 por 8.784.

b) Facturación por cliente: se o punto de fornecemento non está obrigado a dispor de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado conforme a normativa vixente, substituirase a facturación por caudal, detallada no punto 3.a) do presente artigo, pola seguinte:

$$FCL = \frac{N}{365} \times TCL_i$$

Onde:

FCL: é o importe mensual da facturación por cliente expresado en euros, con dous decimais.

$TCL_i$ : é o termo por cliente, expresado en €/ano aplicable aos consumidores da categoría i.

N: é o número de días do período do servizo que se está a facturar.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

c) Facturación por volume: a facturación por volume efectuarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$FV_{s,p} = V_{s,p} \times TV$$

Onde:

$FV_{s,p}$ : é a facturación por volume correspondente ao servizo s e punto de entrada ou saída p, expresada en euros, con dous decimais.

$V_{s,p}$ : é o volume correspondente ao servizo s, punto de entrada ou saída p, expresado en kWh.

TV: é o termo por volume, expresado en €/kWh.

Cando un mesmo consumidor teña contratos formalizados con máis dun comercializador, a facturación por volume será trasladada a cada comercializador proporcionalmente á facturación do termo por capacidade contratada.

d) Facturación por capacidade demandada:

i) A facturación por capacidade demandada será aplicable unicamente ás saídas cara a consumidores nacionais. No resto de puntos de entrada e saída da rede de transporte, os usuarios non poderán efectuar nominacións superiores ás súas capacidades contratadas.

## ii) Facturación por capacidade demandada:

Puntos de fornecemento con telemedida instalada e puntos de fornecemento con obrigación de dispor de equipamento de medida con capacidade de rexistro do caudal diario máximo demandado.

Para cada día de gas en que o caudal máximo demandado por un consumidor sexa superior á suma das capacidades contratadas en cada un dos contratos de que, se for o caso, puiden dispor ese usuario, facturárase o exceso conforme a seguinte fórmula:

$$FEQ_d = 3 \times \left[ (QM_d - \sum_{t=i}^n QC_{t,d}) \times \left( \frac{MD_d \times TC}{365} \right) \right]$$

Onde:

$FEQ_d$ : é a facturación por capacidade demandada, expresada en euros, con dous decimais, correspondente ao día de gas d.

$QM_d$ : é a capacidade máxima demandada no día de gas d, expresada en kWh/día.

$QC_{t,d}$ : é a capacidade contratada correspondente ao contrato de duración  $t$  (anual, trimestral, mensual, diario ou intradiario) no día de gas d, expresada en kWh/día. Para os efectos anteriores, a capacidade contratada asociada aos contratos intradiarios multiplicárase polo número de horas de duración do contratado e dividírase entre 24.

$MD_d$ : é o multiplicador aplicable aos contratos de duración diaria aplicable ao día de gas d.

$TC$ : é o termo de capacidade aplicable á saída nacional para os contratos de duración anual, en €/kWh/día/ano.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

Para estes efectos, os contratos de duración indefinida terán o mesmo tratamento que os contratos de duración anual.

iii) Cando un mesmo consumidor teña contratos formalizados con máis dun comercializador, a facturación pola capacidade demandada será trasladada a cada comercializador proporcionalmente á facturación do termo por capacidade contratada.

4. A facturación da peaxe de saída da rede de transporte cara ás redes locais correspondentes a períodos en que houberse variación neles calcularase repartindo o consumo total do período facturado de forma proporcional ao tempo en que estivese en vigor cada un deles, excepto para os consumidores en que se efectúe medición diaria, para os cales a facturación se realizará de acordo coas medidas mencionadas.

#### Artigo 17. *Publicación de información.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará na súa páxina web, ademais da información a que se fai referencia no artigo 36 da presente circular, a información establecida no artigo 30 do Regulamento (UE) 2017/460.

2. Os transportistas publicarán na plataforma mencionada no punto 3.1.1, número 1, letra h), do anexo I do Regulamento (CE) nº 715/2009 a información establecida no artigo 31.2 do Regulamento (UE) 2017/460, logo de verificación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

## CAPÍTULO III

**Peaxe de acceso ás redes locais**

Artigo 18. *Ámbito de aplicación das peaxes de acceso ás redes locais.*

1. O presente capítulo será de aplicación para a determinación dos termos de facturación das peaxes de acceso ás redes locais aplicables aos usuarios con dereito de acceso ás instalacións, de acordo co disposto no artigo 61 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

2. Para estes efectos, considérase que todos os consumidores son abastecidos desde as redes locais, conforme a Orde IET/2434/2012, do 7 de novembro, pola que se determinan as instalacións da rede básica de gas natural pertencentes á rede troncal de gas natural.

3. Quedan exceptuados do pagamento de peaxes de acceso ás redes locais as inxeccións de gases de orixe renovable, tales como o biogás, conectados na rede local.

Artigo 19. *Custos que inclúen as peaxes de acceso ás redes locais.*

As peaxes asociadas ao uso das redes locais incluírán os seguintes conceptos:

1. A retribución anual da rede de transporte primario de influencia local, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A retribución anual da rede de transporte secundario, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. A retribución anual da rede de distribución, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. As revisións, se for o caso, da retribución da rede de transporte primario de influencia local, da rede de transporte secundario e da rede de distribución.

5. As diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes asociadas ao uso das redes locais correspondentes a exercicios anteriores.

6. As compensacións por interrompibilidade aboadas aos usuarios de rede correspondentes a exercicios anteriores, de acordo co establecido no artigo 28.

7. Outros ingresos ou custos liquidables imputables segundo se estableza na normativa vixente, diferentes dos anteriores.

Artigo 20. *Definición dos servizos prestados polas redes locais.*

O servizo prestado polas redes locais inclúe o dereito ao uso das infraestruturas necesarias para transportar o gas desde os puntos de saída da rede de transporte até os consumidores finais ou desde as plantas satélite de GNL aos consumidores finais e a inxección de biogás en redes locais.

Artigo 21. *Estrutura das peaxes de acceso ás redes locais.*

1. As peaxes de acceso ás redes locais diferéncianse por volume de consumo e constan dun termo fixo por capacidade contratada, expresado en €/kWh/día)/ano, e un termo variable por volume, expresado en €/kWh, ambos con seis decimais.

Se o punto de fornecemento non dispón de equipamentos de medida que permitan o rexistro diario do caudal máximo demandado, as peaxes de acceso ás redes locais constarán dun termo por cliente, expresado en €/cliente e ano, e dun termo variable por volume, expresado en €/kWh, ambos con seis decimais.

2. As peaxes de acceso ás redes locais diferéncianse nos seguintes grupos tarifarios en función do volume:

a) Peaxe RL.1: consumo igual ou inferior a 5.000 kWh/ano.

- b) Peaxe RL.2: consumo superior a 5.000 kWh/ano e inferior ou igual a 15.000 kWh/ano.
- c) Peaxe RL.3: consumo superior a 15.000 kWh/ano e inferior ou igual a 50.000 kWh/ano.
- d) Peaxe RL.4: consumo superior a 50.000 kWh/ano e inferior ou igual a 300.000 kWh/ano.
- e) Peaxe RL.5: consumo superior a 300.000 kWh/ano e inferior ou igual a 1.500.000 kWh/ano.
- f) Peaxe RL.6: consumo superior a 1.500.000 kWh/ano e inferior ou igual a 5.000.000 kWh/ano.
- g) Peaxe RL.7: consumo superior a 5.000.000 kWh/ano e inferior ou igual a 15.000.000 kWh/ano.
- h) Peaxe RL.8: consumo superior a 15.000.000 kWh/ano e inferior ou igual a 50.000.000 kWh/ano.
- i) Peaxe RL.9: consumo superior a 50.000.000 kWh/ano e inferior ou igual a 150.000.000 kWh/ano.
- j) Peaxe RL.10: consumo superior a 150.000.000 kWh/ano e inferior ou igual a 500.000.000 kWh/ano.
- k) Peaxe RL.11: consumo superior a 500.000.000 kWh/ano.

Artigo 22. *Determinación das peaxes de acceso ás redes locais.*

As peaxes de acceso ás redes locais determinaranse mediante a aplicación da seguinte metodoloxía, cuxo detalle se recolle no anexo II da presente circular.

1. Asignación da retribución de redes locais por indutor de custo.
  - a) A retribución da rede de transporte primario de influencia local e a rede de transporte secundario teñen como indutor de custo a capacidade.
  - b) A retribución da actividade de distribución ten como indutor de custo a capacidade e o número de fornecementos.
  - c) A retribución da actividade de distribución e, se for o caso, revisións de exercicios anteriores asígnanse en función do indutor de custo (número de fornecementos ou capacidade), conforme as porcentaxes recollidas no punto 1.a) do anexo IV.
2. Asignación da retribución de redes locais cuxo indutor de custo é a capacidade.
  - a) Asignación da retribución por niveis de presión
    - i) A retribución anual da rede de transporte primario de influencia local e, se for o caso, revisións de exercicios anteriores asignarase ao nivel de presión de máis de 60 bar (NP3).
    - ii) A retribución anual da rede de transporte secundario e, se for o caso, revisións de exercicios anteriores asignarase ao nivel de presión comprendido entre 16 bar e 60 bar (NP2).
    - iii) A retribución recoñecida á actividade de distribución e, se for o caso, revisións de exercicios anteriores asignarase por nivel de presión conforme as porcentaxes recollidas no punto 1 do anexo IV.
    - iv) O resto de conceptos a que se fai referencia no artigo 19 da presente circular distribuiranse por nivel de presión proporcionalmente á retribución asignada por nivel de presión que resulta dos puntos i), ii) e iii) anteriores.
  - b) Asignación da retribución asociada ás redes locais cuxo indutor de custo é a capacidade, excluída a relativa ao gas de operación, de cada nivel de presión ao propio nivel de presión e a niveis de presión inferiores.



A retribución para recuperar mediante as peaxes de acceso ás redes locais, coa excepción da correspondente ao gas de operación, asignarase aos fornecementos do propio nivel de presión e aos fornecementos conectados a niveis de presión inferiores en función dun modelo de rede simplificado correspondente ao día de máxima demanda rexistrado nos catro anos anteriores ao inicio de período regulatorio.

c) Asignación da retribución cuxo inductor de custo é a capacidade que se debe recuperar por cada nivel de presión aos termos fixos e variables.

A retribución para recuperar polos fornecementos conectados a un nivel de presión, asociada a ese nivel de presión, asígnase ao termo fixo da peaxe de acceso ás redes locais.

A retribución para recuperar polos fornecementos conectados a un nivel de presión asociada a niveis de presión superiores ao cal están conectados asígnase ao termo variable da peaxe de acceso ás redes locais.

d) Asignación da retribución para recuperar mediante o termo fixo por grupo tarifario.

A retribución para recuperar mediante o termo fixo de cada nivel de presión asignarase por grupo tarifario en función da distribución da capacidade contratada equivalente prevista para cada nivel de presión por grupo tarifario.

e) Asignación da retribución para recuperar mediante o termo variable por grupo tarifario.

A retribución que se debe recuperar mediante o termo variable de cada nivel de presión, excluído o gas de operación, asignarase por grupo tarifario en función da distribución do consumo de cada nivel de presión por grupo tarifario.

3. Asignación da retribución da distribución cuxo inductor de custo é o cliente.

a) A retribución da distribución cuxo inductor de custo é o cliente asignarase proporcionalmente ao número de clientes conectados na rede de distribución.

b) A retribución da distribución cuxo inductor de custo é o cliente asignarase por grupo tarifario en función do número de clientes de distribución incluídos en cada grupo tarifario.

c) A retribución anterior asignarase ao termo fixo da peaxe de acceso a redes locais.

4. Asignación da retribución asociada ao gas de operación.

A retribución asociada ao gas de operación asignarase en función do consumo previsto.

5. Determinación do termo fixo por capacidade contratada.

O termo fixo por capacidade de cada grupo tarifario será o resultado de dividir a suma das retribucións asignadas ao correspondente grupo tarifario, resultado dos puntos 2.d) e 3.c) anteriores, entre a capacidade contratada equivalente prevista para ese grupo tarifario.

6. Determinación do termo variable por volume.

O termo variable por volume de cada grupo tarifario será o resultado de dividir a suma das retribucións variables asignadas ao correspondente grupo tarifario, resultantes dos puntos 2.e) e 4 anteriores, entre o volume previsto para ese grupo tarifario.

7. Determinación do termo fixo por cliente.

O termo fixo por cliente dun grupo tarifario calcularase de forma que sexa igual á facturación total que resulte de aplicar as peaxes obtidas conforme os puntos 5 e 6 ao consumidor de maior tamaño do grupo tarifario inmediatamente anterior.

A diferenza entre a retribución asignada ao grupo tarifario e a facturación polo termo de cliente do grupo tarifario asígnase ao termo variable.

Para o grupo tarifario RL.1 imponse a mesma estrutura fixo/variable que a que resulta para o grupo tarifario RL.2.

Artigo 23. *Multiplicadores aplicables aos contratos de duración inferior a un ano.*

1. Serán de aplicación os mesmos multiplicadores de curto prazo que os aplicables ás saídas da rede de transporte cara á rede local.
2. A aplicación de peaxes de duración inferior a un ano requirirá dispor de telemedida instalada e operativa.

Artigo 24. *Peaxes de acceso interrompibles ás redes locais.*

1. As condicións aplicables para que os consumidores nacionais teñan dereito á compensación por interrompibilidade serán:

- a) Requisitos dos consumidores nacionais:
  - i) Consumo anual superior a 10 GWh/ano e consumo diario superior a 26.000 kWh/día.
  - ii) Presión de fornecemento superior a 4 bar.
  - iii) Telemedida operativa.
  - iv) Cumprimento dos criterios xeográficos e técnicos valorados polo xestor técnico do sistema gasista e, se for o caso, o operador do sistema eléctrico.
  - v) Sinatura dun convenio entre o consumidor, o comercializador, se for o caso, e o xestor técnico do sistema. No caso de que o consumidor sexa un xerador eléctrico, deberá asinar igualmente o operador do sistema eléctrico.

b) Condicións de aplicación da interrompibilidade: as establecidas nos artigos 12 e 23 da Resolución do 25 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se regulan as condicións de asignación e o procedemento de aplicación da interrompibilidade no sistema gasista ou resolución que a substitúa.

c) Causas de interrupción: as establecidas no artigo 10 da Resolución do 25 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se regulan as condicións de asignación e o procedemento de aplicación da interrompibilidade no sistema gasista ou resolución que a substitúa.

d) Criterios para a execución das interrupcións: as establecidas no artigo 15 da Resolución do 25 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se regulan as condicións de asignación e o procedemento de aplicación da interrompibilidade no sistema gasista ou resolución que a substitúa.

e) Comunicación:

i) O xestor técnico do sistema comunicará ao consumidor, ao comercializador e ao operador das infraestruturas en que se preste o servizo a solicitude de realizar a interrupción.

ii) O incumprimento das instrucións de interrupción impartidas por parte do xestor técnico do sistema por parte dun consumidor acollido a esta modalidade de acceso levará a que o consumidor teña que aboar o triplo da compensación por interrompibilidade que recibiría en caso de cumprir a instrución impartida. Así mesmo, o incumprimento suporá a cancelación automática do convenio.

2. Os consumidores conectados que cumpran os requisitos anteriores terán dereito a unha compensación *ex post*, por cada día en que se lles producise unha interrupción, que se calculará de acordo coa seguinte fórmula:

$$CI_{ex-post,i} = 3 \times \left( \frac{Cap_{int,i} \times M \times TC_i}{365} \right)$$

Onde:

$Cl_{ex-post,i}$ : é a compensación interrompible aplicable ao consumidor  $i$ .

$Cap_{int,i}$ : é a capacidade interrompida ao consumidor  $i$ .

$M$ : é o multiplicador diario aplicable á peaxe de acceso ás redes locais.

$TC$ : é o termo por capacidade da peaxe de acceso ás redes locais aplicable ao consumidor.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

Para estes efectos, os contratos de duración indefinida terán o mesmo tratamento que os contratos de duración anual.

A compensación *ex post* será aboada polo responsable de facturar a peaxe de redes locais dos puntos de fornecemento con dereito a ela e será incorporado no mecanismo de liquidacións.

3. Mentres existan problemas de conxestión zonal no sistema gasista, o xestor técnico do sistema proporá anualmente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as zonas con posibilidade de conxestión e a capacidade susceptible de ser contratada baixo o réxime de interrompibilidade. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará por resolución as zonas e os valores concretos de capacidade que se contrate, logo de comunicación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 25. *Condicións xerais de aplicación de peaxes de acceso ás redes locais.*

1. Os responsables da facturación determinarán a peaxe de aplicación a cada punto de fornecemento de acordo coas seguintes regras:

a) Localización inicial:

No caso de novos puntos de fornecemento, a peaxe virá determinada en función do consumo anual previsto, que será facilitado polos comercializadores aos responsables da facturación.

No caso daqueles puntos de fornecemento que dispoñan de equipamento de medida con capacidade de rexistro diario do caudal máximo demandado, o responsable da facturación comprobará que o factor de carga que resulte da relación entre o consumo previsto e o caudal ou caudais contratados no punto de fornecemento non é superior ao 80%.

No caso de que a relación entre o consumo previsto e o caudal ou caudais contratados no punto de fornecemento superase o 80%, localizarase o punto de fornecemento no chanzo de consumo que lle corresponda impondo unha relación do 80%.

b) Relocalización do punto de fornecemento:

i) Ao iniciar un novo ano de gas, o responsable da facturación procederá a comprobar a correcta localización e, se for o caso, á relocalización de todos os fornecementos, exceptuando aqueles que fosen dados de alta, modificasen o caudal do contrato de acceso indefinido ou cambiasen de peaxe no ano de gas inmediatamente anterior.

Para os efectos da relocalización dos fornecementos na peaxe que corresponda, terase en conta o consumo total rexistrado no punto de fornecemento resultante de agregar todos os contratos, independentemente do número e duración deles, no ano de gas inmediatamente anterior.

ii) No caso dos fornecementos que fosen dados de alta, modificasen o caudal contratado do contrato de acceso indefinido ou solicitasen un cambio de peaxe durante o ano de gas inmediatamente anterior, coa excepción dos conectados en redes de presión de deseño igual ou inferior a 4 bar e sen obrigação de disporen de telemedida, transcorridos doce meses desde a alta ou modificación procederase a relocalizalos na

peaxe correspondente cando o consumo total rexistrado neses doce meses resultante de agregar todos os contratos, independentemente do número e duración destes, non se corresponda co chanzo de peaxe en que se encuentre situado.

2. Refacturación en caso de relocalización do punto de fornecemento.

Se se produce unha relocalización do punto de fornecemento, nos termos establecidos na alínea b) do punto anterior, o responsable da facturación procederá a facturar de novo a peaxe de saída da rede de transporte, redes locais e outros custos de regasificación tendo en conta o grupo tarifario que lle tería correspondido considerando o consumo real para o período considerado.

A regra anterior non será de aplicación aos consumidores conectados en redes de presión de deseño igual ou inferior a 4 bar sen obrigação de dispoñer de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado.

As refacturacións resultantes facturaránse ao mesmo comercializador a que foron emitidas as facturas orixinais.

3. Os contratos realizados consideraranse firmes e vinculantes para as partes durante todo o período contratado e o titular debe aboar da capacidade contratada a totalidade das peaxes que correspondan de acordo coa normativa vixente, mesmo no caso de non utilizar a capacidade. No caso particular de contratos de carácter indefinido, só poderá reducirse a capacidade contratada, salvo no caso de causar baixa no fornecemento, unha vez que transcorrese un ano desde a contratación ou desde a última modificación.

Así mesmo, só se poderá modificar a peaxe unha vez que transcorrese un ano desde a contratación ou desde a última modificación, sen considerar para estes efectos as modificacións derivadas da relocalización descrita no número 1.b) deste artigo.

4. A facturación de peaxes correspondentes a períodos en que houberse variación nelas calcularase repartindo o consumo total do período facturado de forma proporcional ao tempo en que estivese en vigor cada unha delas, excepto para os consumidores en que se efectúe medición diaria, para os cales a facturación se realizará de acordo con esas medidas.

Artigo 26. *Condicións de facturación das peaxes de acceso ás redes locais.*

1. A facturación das peaxes de acceso ás redes locais será efectuada, coa periodicidade establecida no Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, ou norma que o substitúa, polo operador da instalación de transporte ou distribución desde a cal se realiza o fornecemento ou polo xestor técnico do sistema, como operador nos termos do artigo 64 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, no resto dos casos.

2. As peaxes de acceso ás redes locais aplicables aos puntos de fornecemento con obrigação de dispoñer de telemedida e, se for o caso, a todos aqueles puntos de fornecemento en que se determine que deben dispoñer de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado de acordo coa normativa vixente constan dun termo fixo de facturación por capacidade contratada, un termo variable de facturación por volume e, se for o caso, un termo de facturación por capacidade demandada, que se determinarán de acordo co seguinte:

a) Facturación por capacidade contratada, de cada un dos contratos en vigor durante o período de facturación, que se efectuará de acordo coas seguintes fórmulas.

i) No caso de contratos de duración anual, trimestral, mensual ou diaria:

$$FC_t = Q_t \times \left( \frac{M_t \times TC_{GT}}{365} \right) \times D$$

Onde:

$FC_t$ : é a facturación por capacidade correspondente a un contrato de duración  $t$  (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en euros, con dous decimais.

$Q_t$ : é a capacidade contratada correspondente a un contrato de duración  $t$  (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en kWh/día.

$M_t$ : é o multiplicador aplicable a un contrato de duración  $t$  (anual, trimestral, mensual ou diaria). Para os contratos anuais considerarase un multiplicador de 1.

$TC_{GT}$ : é o termo de capacidade da peaxe de acceso ás redes locais en €/kWh/día/ano correspondente ao grupo tarifario GT.

$D$ : é o número de días do contrato incluídos no período de facturación.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

Para estes efectos, os contratos de duración indefinida terán o mesmo tratamento que os contratos de duración anual.

ii) No caso de contratos de duración intradiaria

$$FC_i = Q_i \times \left( \frac{M \times TC_{GT}}{8760} \right) \times H$$

Onde:

$FC_i$ : é a facturación por capacidade dun contrato intradiario expresada en euros, con dous decimais.

$Q_i$ : é a capacidade contratada intradiaria, expresada en kWh/hora.

$M$ : é o multiplicador aplicable a un contrato intradiario.

$TC_{GT}$ : é o termo de capacidade baseado en caudal en €/kWh/hora/ano correspondente ao grupo tarifario GT.

$H$ : é a duración do contrato expresada en horas.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 8.760 por 8.784.

b) Facturación por volume, que se efectuará de acordo coa seguinte fórmula:

$$FV = V \times TV_{GT}$$

Onde:

$FV$ : é a facturación por volume expresada en euros, con dous decimais.

$V$ : é o volume, expresado en kWh.

$TV_{GT}$ : é o termo por volume, expresado en €/kWh, correspondente ao grupo tarifario GT aplicable aos puntos de fornecemento que dispoñan de equipamento de medida con capacidade de rexistro diario do caudal máximo demandado.

Cando un mesmo consumidor teña contratos formalizados con máis dun comercializador, a facturación por volume será trasladada a cada comercializador proporcionalmente á facturación do termo por capacidade contratada.

c) Facturación por capacidade demandada, de aplicación aos puntos de fornecemento con telemedida instalada e aos puntos de fornecemento con obrigación de dispoñer de equipamento de medida con capacidade de rexistro do caudal diario máximo demandado, que se realizará conforme a seguinte fórmula:

i) Para cada día de gas en que o caudal máximo demandado por un consumidor sexa superior á suma das capacidades contratadas en cada un dos contratos de que, se for o caso, puider dispor ese usuario, facturárase o exceso conforme a seguinte fórmula:

$$FEQ_d = 3 \times \left[ (QM_d - \sum_{t=i}^n QC_{t,d}) \times \left( \frac{MD_d \times TC_{GT}}{365} \right) \right]$$

Onde:

FEQ<sub>d</sub>: é a facturación por capacidade demandada, expresada en euros, con dous decimais, correspondente ao día de gas d.

QM<sub>d</sub>: é a capacidade máxima demandada no día de gas d, expresada en kWh/día.

QC<sub>t,d</sub>: é a capacidade contratada correspondente ao contrato de duración t (anual, trimestral, mensual, diario ou intradiario) no día de gas d, expresada en kWh/día. Para os efectos anteriores, a capacidade contratada asociada aos contratos intradiarios multiplicarase polo número de horas de duración do contratado e dividirase entre 24.

MD<sub>d</sub>: é o multiplicador aplicable aos contratos de duración diaria aplicable ao día de gas d.

TC<sub>GT</sub>: é o termo de capacidade da peaxe de acceso ás redes locais, en €/(kWh/día)/ano correspondente ao grupo tarifario GT.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

Para estes efectos, os contratos de duración indefinida terán o mesmo tratamento que os contratos de duración anual.

ii) Cando un mesmo consumidor teña contratos formalizados con máis dun comercializador, a facturación pola capacidade demandada será trasladada a cada comercializador proporcionalmente á facturación do termo por capacidade contratada.

3. As peaxes de acceso ás redes locais aplicables aos fornecementos que non teñan obrigación de dispoñer de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado constan dun termo fixo de facturación por cliente e un termo variable de facturación por volume, que se determinarán de acordo co seguinte:

a) Facturación por cliente, que se realizará conforme:

$$FCL = \frac{N}{365} \times TCL_{GT}$$

Onde:

FCL: é o importe mensual da facturación por cliente expresada en euros, con dous decimais.

TCL<sub>GT</sub>: é o termo por cliente, expresado en €/ano aplicable aos consumidores da categoría GT.

N: é o número de días do período do servizo que se está a facturar.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

b) Facturación por volume, efectuarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$FV = V \times TV_{GT}$$

Onde:

FV: é a facturación por volume expresada en euros, con dous decimais.

V: é o volume expresado en kWh.

TV<sub>GT</sub>: é o termo por volume, expresado en €/kWh, con seis decimais correspondente ao grupo tarifario GT de aplicación aos consumidores que non dispoñan de equipamento de medida con capacidade de rexistro diario do caudal máximo demandado.

4. Non obstante o anterior, os puntos de fornecemento que, sen obrigación de dispoñer de equipamento de medida con capacidade de rexistro diario do caudal máximo demandado, dispoñan del poderán optar polo método de facturación establecido no punto 2.

En todo caso, o método de facturación do termo fixo será o mesmo para a peaxe de acceso de saída da rede de transporte cara a redes locais, peaxe de acceso ás redes locais e peaxe para a recuperación doutros custos de regasificación.

Para que un punto de fornecemento sen obrigación de dispoñer de equipamento de medida con capacidade de rexistro diario do caudal máximo demandado poida optar polo método de facturación establecido no punto 2 deberase:

- a) Solicitar o cambio de método de facturación un mes antes da entrada en aplicación deste método de facturación.
- b) Verificar previamente por parte do operador da instalación que o equipo instalado reúne as condicións necesarias establecidas na normativa vixente para ser utilizado neste tipo de facturación.
- c) Manter o método de facturación ao menos un período dun ano.

#### CAPÍTULO IV

##### **Peaxe de acceso ás instalacións de regasificación**

*Artigo 27. Ámbito de aplicación das peaxes de acceso ás instalacións de regasificación.*

O presente capítulo será de aplicación aos usuarios con dereito de acceso ás instalacións, de acordo co disposto no artigo 61 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

*Artigo 28. Custos que inclúen as peaxes da actividade de regasificación.*

As peaxes da actividade de regasificación incluírán os seguintes conceptos:

1. A retribución anual da actividade de regasificación, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
2. As revisións, se for o caso, da retribución da actividade de regasificación correspondentes a exercicios anteriores.
3. As diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes da actividade de regasificación de exercicios anteriores.
4. As compensacións por interrompibilidade aboadas aos comercializadores e consumidores directos no mercado correspondentes a exercicios anteriores, de acordo co establecido no artigo 33.
5. Se for o caso, as primas resultantes dos procedementos de asignación de capacidade imputables á actividade de regasificación.
6. Outros ingresos ou custos liquidables imputables á actividade de regasificación segundo se estableza na normativa vixente, diferentes dos anteriores.

*Artigo 29. Definición dos servizos prestados nas plantas de regasificación.*

1. As plantas de regasificación prestarán os seguintes servizos individuais:
  - a) Descarga de buques: o servizo de descarga de GNL inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para a descarga de GNL dun buque nunha planta de regasificación.
  - b) Almacenamento de GNL: o servizo de almacenamento de GNL inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento de GNL no tanque virtual de balance das plantas de regasificación.

c) Regasificación: o servizo de regasificación inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para a regasificación de GNL.

d) Carga de cisternas: o servizo de carga de cisternas inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para a carga en vehículos cisterna do GNL depositado nas plantas de regasificación.

e) Carga de GNL de planta en buque: este servizo inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para transferir o GNL desde unha planta de regasificación a un buque.

f) Transvasamento de GNL de buque a buque: este servizo inclúe o dereito ao uso das instalacións da planta de regasificación necesarias para transferir o GNL dun buque a outro buque.

g) Posta en frío de buques: este servizo inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para que un buque metaneiro sen carga poida recibir GNL das plantas de regasificación e/ou para realizar a purga do gas inerte (*gassing up*) dun buque, nas condicións de seguranza apropiadas. O volume de carga asociado ao servizo de posta en frío non poderá ser superior ao talón do buque. Enténdese por talón a cantidade mínima de GNL que debe conservarse nos tanques de carga dun buque metaneiro para manter a temperatura de operación. O seu valor dependerá das características construtivas dos tanques e o seu valor non poderá superar o 5% da capacidade total de almacenamento do buque.

h) Licuefacción virtual: dará dereito á transferencia de gas desde o punto de intercambio virtual da rede de transporte até o tanque virtual de balance das plantas de regasificación, en forma de GNL.

2. Para os efectos desta circular, as plantas de regasificación prestarán os seguintes servizos agregados:

a) Servizo de descarga de buques, almacenamento de GNL e regasificación: inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para a descarga de GNL dun buque nunha planta de regasificación, ao almacenamento da totalidade ou parte do GNL descargado durante o tempo necesario até a súa regasificación completa e a regasificación dese GNL a un fluxo constante, nas condicións que se definan conforme a Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación no sistema de gas natural.

b) Servizo de almacenamento de GNL e regasificación: dará dereito ao uso das instalacións necesarias para o almacenamento de GNL durante o tempo necesario até a súa regasificación completa e a regasificación do GNL a un fluxo constante, nas condicións que se definan conforme a Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación no sistema de gas natural.

c) Servizo de descarga de buque, almacenamento de GNL e carga de buque: inclúe o dereito ao uso das instalacións necesarias para a descarga de GNL dun buque nunha planta de regasificación, ao almacenamento de GNL descargado na planta até un valor máximo definido e ao uso das instalacións necesarias para a carga de GNL a buques desde esa planta de regasificación, nas condicións que se definan conforme a Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural.



## Artigo 30. *Estrutura das peaxes da actividade de regasificación.*

1. As peaxes da actividade de regasificación polos servizos individuais prestados na planta terán a seguinte estrutura:

a) A peaxe de descarga de buques consta dun termo fixo en función do tamaño do buque, expresado en €/buque, e un termo variable expresado en €/kWh, con seis decimais. En particular, considéranse os seguintes tamaños de buque:

- i. S: tamaño do buque inferior ou igual a 40.000 m<sup>3</sup> de GNL.
- ii. M: tamaño do buque superior a 40.000 m<sup>3</sup> de GNL e inferior ou igual a 75.000 m<sup>3</sup> de GNL.
- iii. L: tamaño do buque superior a 75.000 m<sup>3</sup> de GNL e inferior ou igual a 150.000 m<sup>3</sup> de GNL.
- iv. XL: tamaño do buque superior a 150.000 m<sup>3</sup> de GNL e inferior ou igual a 216.000 m<sup>3</sup> de GNL.
- v. XXL: tamaño do buque superior a 216.000 m<sup>3</sup> de GNL.

Para os efectos anteriores, o tamaño do buque virá determinado polo máximo dos seguintes valores: volume contratado ou fisicamente descargado. O factor de conversión de m<sup>3</sup> a kWh para efectos do establecemento de garantías publicarase na resolución pola que se establezan os valores das peaxes correspondentes, conforme o artigo 36 da presente circular.

b) A peaxe de almacenamento de GNL consta dun termo fixo expresado en €/kWh/día e un termo variable expresado en €/kWh, ambos con seis decimais.

c) A peaxe de regasificación consta dun termo fixo expresado en €/kWh/día e un termo variable expresado en €/kWh, ambos con seis decimais.

d) A peaxe de carga de cisternas consta dun termo fixo expresado en €/kWh/día e un termo variable expresado en €/kWh, ambos con seis decimais.

e) A peaxe de transvasamento de GNL de planta a buques consta dun termo variable expresado en €/kWh, con seis decimais.

f) A peaxe de transvasamento de GNL de buque a buque consta dun termo variable expresado en €/kWh, con seis decimais.

g) A peaxe de posta en frío consta dun termo variable expresado en €/kWh, con seis decimais.

h) A peaxe de licuefacción virtual consta dun termo fixo, expresado en €/kWh/día, con seis decimais.

2. As peaxes polos servizos agregados prestados na planta terán a estrutura que resulte da agregación das peaxes correspondentes a cada un dos servizos individuais que integran o correspondente servizo agregado.

3. A peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación constará dun termo fixo expresado en €/(kWh/día)/ano, con seis decimais, coa excepción do aplicable aos comercializadores ou consumidores directos no mercado polo volume cargado en cisterna con destino a planta unicliente, que constarán dun termo variable expresado en €/kWh con seis decimais.

Se o punto de fornecemento non dispón de equipamentos de medida que permitan o rexistro diario do caudal máximo demandado, a peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación constará dun termo fixo por cliente, expresado en €/cliente e ano con dous decimais.

Artigo 31. *Determinación das peaxes asociadas a cada un dos servizos prestados na planta.*

A metodoloxía para a determinación das peaxes de regasificación, cuxo detalle se recolle no anexo III da presente circular, consta das seguintes etapas:

1. Determinación da retribución que se debe recuperar a través das peaxes de regasificación.

a) A retribución da actividade de regasificación que se debe recuperar a través das peaxes de regasificación determinarase conforme o artigo 28.

b) A retribución da actividade de regasificación asociada á retribución pol investimento, a retribución asociada aos custos operativos, a retribución por extensión de vida útil e a retribución asociada a incentivos recuperaranse a través das peaxes asociadas ao uso das instalacións.

c) A retribución da actividade de regasificación por continuidade de fornecemento, a retribución asociada a instalacións en situación administrativa especial e os impactos que, se for o caso, poidan derivar de sentenzas dos tribunais, así como o impacto que poida derivar do establecemento dun período transitorio de converxencia recuperaranse a través da peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación.

2. Asignación da retribución fixa asociada ao investimento, aos custos operativos, á extensión da vida útil e incentivos a cada un dos elementos que integran a planta de regasificación.

3. Asignación da retribución de cada un dos elementos a cada un dos servizos prestados na planta.

4. Asignación da retribución variable a cada un dos servizos prestados na planta.

5. Determinación dos termos de facturación das peaxes dos servizos individuais:

a) A retribución fixa asígnase ao termo fixo da peaxe do servizo correspondente, coa excepción dos servizos de carga de GNL de planta en buque, transvasamento de GNL de buque a buque e posta en frío.

b) A retribución variable asígnase ao termo variable da peaxe do servizo correspondente.

6. Determinación do termo de facturación da peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación.

a) A retribución que se debe recuperar a través da peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación distribúese entre os consumidores fornecidos desde plantas uniclientes e o resto, proporcionalmente ao volume.

b) O termo variable da peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación correspóndese co termo variable obtido no punto a).

c) A retribución asociada a outros custos de regasificación que se debe recuperar a través dos consumidores fornecidos desde as redes locais asígnase por grupo tarifario proporcionalmente ao número de clientes e recupérase a través do correspondente termo fixo, ben cliente ben capacidade.

Artigo 32. *Multiplicadores aplicables aos contratos de duración inferior a un ano.*

1. Os multiplicadores aplicables aos contratos trimestrais, mensuais e diarios calcularanse de forma que, dado o perfil de consumo diario previsto para o servizo s, a facturación de cada un deses contratos sexa equivalente á que resultaría do contrato anual. Os multiplicadores serán o resultado da media dos que resulten para os últimos catro anos con información completa.

2. O multiplicador aplicable aos contratos intradiarios será o resultado do produto do multiplicador diario determinado no punto anterior polo coeficiente que resulta para unha duración do contrato intradiario de 12 horas.

O coeficiente anterior resultará da media dos coeficientes dos catro anos anteriores. O coeficiente correspondente ao ano  $n$  e un contrato intradiario de 12 horas calcularase de forma que, dado o perfil de consumo horario rexistrado no ano  $n$  para o servizo  $s$ , a facturación que obtería o consumidor medio en caso de formalizar un contrato diario e a facturación que obtería de combinar contratos diarios e intradiarios de  $h$  horas sexa equivalente.

3. Os multiplicadores aplicables aos contratos trimestrais e mensuais resultantes do anterior non serán inferiores a un, nin superiores a 1,5.

4. Os multiplicadores aplicables aos contratos diarios resultantes do anterior non serán inferiores a un nin superiores a 3.

5. Os multiplicadores aplicables aos contratos trimestrais, mensuais e diario arredondaranse a un decimal.

6. O multiplicador intradiario aplicable aos contratos intradiarios cuxa duración sexa igual a 24 horas será o correspondente ao contrato diario.

**Artigo 33. Peaxes de acceso interrompibles aos servizos de regasificación.**

1. No caso de que un comercializador ou consumidor directo contratase un servizo de carácter interrompible e se produza unha interrupción, terá dereito a unha compensación *ex post* por cada día en que se lle producise unha interrupción, que se calculará de acordo coa seguinte fórmula:

$$CI_{ex-post,i,s} = 3 \times \left( \frac{Cap_{int,i,s} \times M_s \times TC_s}{365} \right)$$

Onde:

$CI_{ex-post,i,s}$ : é a compensación interrompible do comercializador ou consumidor directo i correspondente ao servizo  $s$ .

$Cap_{int,i,s}$ : é a capacidade interrompida ao comercializador ou consumidor directo i correspondente ao servizo  $s$ .

$M_s$ : é o multiplicador diario aplicable ao servizo  $s$  obxecto de interrupción.

$TC_s$ : é o termo por capacidade da peaxe de acceso do servizo  $s$ .

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

2. A compensación *ex post* será aboada polo responsable de facturar a peaxe de acceso interrompible correspondente ao servizo que fose obxecto de interrupción e será incorporado no mecanismo de liquidacións.

3. A compensación *ex post* non será de aplicación á peaxe de licuefacción virtual.

**Artigo 34. Condicións xerais de aplicación das peaxes de acceso ás instalacións de regasificación.**

1. Con carácter xeral, non se poderán efectuar nominacións superiores ás capacidades contratadas.

Non obstante, no caso de servizos agregados atenderase ao establecido no artigo 33 da Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural.

2. No caso da peaxe de almacenamento de GNL, non se poderá dispor no tanque de almacenamento dun volume de gas almacenado superior ao contratado.

Non obstante, no caso de servizos agregados atenderase ao establecido no artigo 33 da Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da

Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural.

3. Considerarase posta en frío cando o barco metaneiro atraque na planta e cargue unha cantidade non superior ao seu talón.

No caso de que se cargue unha cantidade de GNL superior, considerarase que se realizan dúas operacións diferentes, posta en frío e transvasamento de GNL a buque, e aplicaranse as peaxes asociadas a cada unha delas.

4. A facturación de servizos de transvasamento de GNL de planta a buque, de buque a buque e posta en frío contratados/programados viables e non realizados por causas imputables ao comercializador efectuarase considerando para os efectos o volume contratado.

5. As peaxes aplicables aos servizos agregados serán o resultado de aplicar as peaxes correspondentes aos servizos individuais que integren o correspondente servizo agregado e aplicarase adicionalmente o establecido no artigo 35 para determinar as variables de facturación correspondentes.

6. A localización, relocalización e refacturación, se for o caso, dos puntos de fornecemento no grupo tarifario que corresponda para efectos da aplicación da peaxe doutros custos de regasificación realizarase conforme o artigo 25.

7. A facturación da peaxe doutros custos de regasificación correspondentes a períodos en que houberse variación deles calcularase repartindo o consumo total do período facturado de forma proporcional ao tempo en que estivo en vigor cada un deles, excepto para os consumidores en que se efectúe medición diaria, para os cales a facturación se realizará de acordo coas ditas medidas.

*Artigo 35. Condicións de facturación das peaxes de acceso ás instalacións de regasificación.*

1. Servizos individuais.

a) Peaxe de descarga de buques.

A facturación da peaxe de descarga de buques será efectuada mensualmente pola empresa transportista titular das instalacións de descarga de GNL, de acordo coa seguinte fórmula:

$$F_B = TV_{descarga} \times V_D + \sum_{i=S}^{XXL} TF_{descarga,i} \times N_{buques,i}$$

Onde:

$F_B$ : é o importe mensual en euros de facturación da peaxe de descarga de buques, expresada en euros con dous decimais.

$TV_{descarga}$ : é o termo variable da peaxe de descarga de buques en €/kWh, con seis decimais.

$V_D$ : son os kWh contratados ou fisicamente descargados polo consumidor.

$TF_{descarga,i}$ : é o termo fixo da peaxe de descarga de buques aplicable ao buque de tamaño  $i$ , en €/buque.

$N_{buques,i}$ : é o número de buques descargados de tamaño  $i$ .

$i$ : é o tamaño do buque de acordo co establecido no artigo 29 da presente circular.

b) Peaxe de almacenamento de GNL, regasificación, carga en cisternas e licuefacción virtual.

A facturación das peaxes de almacenamento de GNL, regasificación e licuefacción virtual será efectuada mensualmente polo xestor técnico do sistema e a facturación da

peaxe de carga en cisternas levaraa a cabo mensualmente o operador das instalacións onde se presta o servizo, de acordo coas seguintes fórmulas:

i) Facturación por capacidade contratada.

(1) No caso de contratos de duración anual, trimestral ou diaria:

$$FC_{s,t} = Q_{s,t} \times \left( \frac{M_{s,t} \times TC_s}{365} \right) \times D$$

Onde:

$FC_{s,t}$ : é a facturación por caudal correspondente ao servizo s, e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en euros, con dous decimais.

$Q_{s,t}$ : é a capacidade contratada correspondente ao servizo s e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en kWh/día.

A capacidade contratada para o servizo da carga en cisternas con destino a plantas satélite de distribución corresponderase coa repartición media diaria do GNL cargado, suposta unha duración anual, de conformidade cos artigos 22.6 e 29.4 da Circular 8/2019, do 12 de decembro.

$M_{s,t}$ : é o multiplicador aplicable ao servizo s e duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria). Para os contratos anuais considerarase un multiplicador de 1.

$TC_s$ : é o termo de capacidade da peaxe correspondente ao servizo s, en €/kWh/día/ano.

D: é o número de días do contrato que pertencen ao mes do servizo que se está a facturar.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

(2) No caso de contratos de duración intradiaria:

$$FC_s = Q_s \times \left( \frac{M_s \times TC_s}{8760} \right) \times H$$

Onde:

$FC_s$ : é a facturación por caudal correspondente ao servizo s expresada en euros, con dous decimais.

$Q_s$ : é a capacidade contratada correspondente ao servizo s, expresada en kWh/hora con tres decimais.

$M_s$ : é o multiplicador intradiario aplicable ao servizo s.

$TC_s$ : é o termo de capacidade baseado en caudal aplicable ao servizo s en €/kWh/hora/ano.

H: é a duración do contrato expresada en horas.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 8.760 por 8.784.

ii) Facturación por volume, será de aplicación aos servizos de almacenamento GNL, regasificación e carga en cisternas.

$$FV_s = V_s \times TV_s$$

Onde:

$FV_s$ : é a facturación por volume correspondente ao servizo s, expresada en euros, con dous decimais.

$V_s$ : é o volume correspondente ao servizo s, expresado en kWh.

$TV_s$ : é o termo por volume da peaxe correspondente ao servizo s, expresado en €/kWh.

No caso da peaxe de almacenamento de GNL considerarase a suma dos volumes de gas almacenados na última hora do día de gas de cada un dos días incluídos no período de facturación.

c) Peaxes de transvasamento de GNL de planta a buque, de buque a buque e posta en frío.

A facturación dos servizos de transvasamento de GNL de planta a buque, de buque a buque e posta en frío será efectuada mensualmente pola empresa transportista titular das instalacións, de acordo coa seguinte fórmula:

$$FV_s = V_s \times TV_s$$

Onde:

$FV_s$ : é a facturación por volume correspondente ao servizo s, expresada en euros, con dous decimais.

$V_s$ : é o volume aplicable ao servizo s, expresado en kWh.

$TV_s$ : é o termo por volume do servizo s, expresado en €/kWh.

1. Os servizos agregados serán facturados polo responsable da facturación dos servizos individuais, coas seguintes condicións:

a) Facturarase cada un dos servizos individuais que se integran no correspondente servizo agregado, conforme se establece no punto 1, considerando para a facturación do termo fixo por capacidade do servizo de regasificación contratos diarios e un multiplicador de 1 e para a facturación do termo fixo por capacidade do servizo de almacenamento de GNL contratos diarios e o multiplicador aplicable ao servizo.

b) As variables de facturación das correspondentes peaxes serán as establecidas na Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación no sistema de gas natural.

2. A peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación será efectuada de acordo coas seguintes condicións:

a) A empresa titular das instalacións de regasificación facturará mensualmente a peaxe aos comercializadores e consumidores directos no mercado polo volume de gas cargado en cisternas, a excepción dos que teñan como destino unha planta satélite de distribución, de acordo coa seguinte fórmula:

$$FV_{OR} = V_{OR} \times TV_{OR}$$

Onde:

$FV_{OR}$ : é a facturación por volume da peaxe por outros custos de regasificación expresada en euros, con dous decimais.

$V_{OR}$ : é o volume, expresado en kWh.

$TV_{OR}$ : é o termo por volume da peaxe asociada a outros custos de regasificación, expresado en €/kWh.

b) O responsable da facturación das peaxes de acceso ás redes locais facturará a peaxe doutros custos de regasificación ao resto de puntos de fornecemento, incluíndo os fornecidos desde as plantas satélite de distribución, considerando para estes efectos as mesmas variables de facturación que as utilizadas na facturación das peaxes de redes locais conforme o seguinte:

i) Os fornecementos con obrigação de disporen de telemedida e, se for o caso, aquelas peaxes que regulamentariamente se determine que teñen a obrigação de ter

instalado equipamento de medida que permita o rexistro diario da capacidade máxima demandada serán facturados conforme as seguintes fórmulas:

(1) No caso de contratos de duración anual, trimestral, mensual ou diaria:

$$FC_t = Q_t \times \left( \frac{M_t \times TC_{OR,GT}}{365} \right) \times D$$

Onde:

$FC_t$ : é a facturación por capacidade correspondente a un contrato de duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en euros, con dous decimais.

$Q_t$ : é a capacidade contratada correspondente a un contrato de duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria), expresada en kWh/día.

$M_t$ : é o multiplicador aplicable a un contrato de duración t (anual, trimestral, mensual ou diaria). Para os contratos anuais considerarase un multiplicador de 1.

$TC_{OR,GT}$ : é o termo de capacidade da peaxe doutros custos de regasificación, en €/ (kWh/día)/ano, correspondente ao grupo tarifario GT.

$D$ : é o número de días do contrato que pertencen ao mes do servizo que se está a facturar.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

Para estes efectos, os contratos de duración indefinida terán o mesmo tratamento que os contratos de duración anual.

(2) No caso de contratos de duración intradiaria.

$$FC_i = Q_i \times \left( \frac{M_h \times TC_{OR,GT}}{8760} \right) \times H$$

Onde:

$FC_i$ : é a facturación por capacidade dun contrato intradiario, expresada en euros con dous decimais.

$Q_i$ : é a capacidade contratada intradiaria, expresada en kWh/hora.

$M_h$ : é o multiplicador aplicable a un contrato intradiario.

$TC_{OR,GT}$ : é o termo de capacidade da peaxe doutros custos de regasificación, en €/ (kWh/hora)/ano, correspondente ao grupo tarifario GT.

$H$ : é a duración do contrato expresada en horas.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 8.760 por 8.784.

ii) Os fornecementos que non teñan obrigação de disporen de equipamento de medida que permita o rexistro diario do caudal máximo demandado serán facturados conforme a seguinte fórmula:

$$FCL_{OR} = \frac{N}{365} \times TCL_{OR,GT}$$

Onde:

$FCL_{OR}$ : é o importe da facturación por cliente expresada en euros, con dous decimais.

$TCL_{OR,GT}$ : é o termo por cliente, expresado en €/ano aplicable aos consumidores da categoría GT.

$N$ : é o número de días do período do servizo que se está a facturar.

No caso de anos bisestos, substituirase a cifra de 365 por 366.

## CAPÍTULO V

### Outras disposicións

#### Artigo 36. *Publicación das peaxes.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calculará anualmente e publicará no «Boletín Oficial del Estado» mediante resolución os valores das peaxes de acceso ás redes de transporte, ás redes locais e ás instalacións de regasificación, conforme se establece no artigo 7.1.bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño. A dita publicación terá lugar, ao menos, 30 días antes da data de inicio da poxa anual de capacidade anual establecida no artigo 11.4 do Regulamento (UE) 2017/459 da Comisión, do 16 de marzo de 2017, polo que se establece un código de rede sobre os mecanismos de asignación de capacidade nas redes de transporte de gas e polo que se derroga o Regulamento (UE) n.º 984/2013.

2. Adicionalmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará na súa páxina web a seguinte información:

- a) Resolución pola que se establecen a retribución das actividades de transporte e distribución e as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución.
- b) Memoria xustificativa que acompaña a resolución.
- c) Demanda transportada de gas natural, desagregada por punto de entrada e de saída do sistema, diferenciando entre demanda convencional e demanda para a xeración eléctrica.
- d) Capacidade contratada, capacidade contratada equivalente e volume previstos para o período tarifario, desagregados por punto de entrada ao sistema e de saída.
- e) Previsións sobre número de clientes, capacidade contratada, capacidade contratada equivalente e volume de consumo, desagregada por grupo tarifario.
- f) Previsións sobre as variables de facturación das peaxes de regasificación.
- g) Retribución da actividade de transporte prevista para o exercicio, desagregada por tipo de rede (truncal, de influencia local e secundaria).
- h) Retribución da actividade de distribución prevista para o exercicio.
- i) Retribución da actividade de regasificación prevista para o exercicio.

#### Artigo 37. *Modificación excepcional das peaxes de acceso ás redes de transporte, redes locais e instalacións de regasificación.*

1. Poderanse modificar as peaxes de acceso ás redes locais e ás instalacións de regasificación unha vez iniciado o ano de gas se se producen circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

2. Poderanse modificar as peaxes de transporte unha vez iniciado o ano de gas baixo as condicións establecidas no artigo 12.3 do Regulamento (UE) 2017/460.

#### Artigo 38. *Obrigacións de información que deben remitir os axentes.*

1. A información que serve de base para o cálculo das peaxes de acceso ás instalacións gasistas actualízase con carácter anual en función da información proporcionada polos axentes á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. O xestor técnico do sistema, as empresas transportistas, as empresas distribuidoras e as empresas propietarias de instalacións de regasificación deberán proporcionar á Comisión Nacional de Mercados e da Competencia, con carácter anual e no prazo que se determine, a seguinte información correspondente ao exercicio tarifario anterior ao do establecemento das peaxes, previsión de feche para o exercicio



tarifario en curso e previsión correspondente ao exercicio tarifario para o cal se calculan as peaxes, xunto coa descrición das hipóteses consideradas:

- a) O xestor técnico do sistema deberá remitir a seguinte información:
  - i) Modelo de rede simplificado, tendo en conta as instalacións cuxa entrada en funcionamento prevista se sitúe entre a data de remisión de información e a finalización do exercicio tarifario para o cal se calculan as peaxes.
  - ii) Demanda diaria por posición correspondente ao último exercicio con información fechada, para cada unha das posicións da rede de transporte consideradas no punto (i).
  - iii) Municipios que son abastecidos desde cada unha das posicións da rede de transporte consideradas no punto (i), con indicación expresa dos municipios abastecidos desde máis dunha posición.
  - iv) Identificación dos consumidores con telemedida instalada e operativa conectados en cada unha das posicións da rede de transporte consideradas no punto (i).
  - v) Capacidades de inxección e extracción desagregadas por almacenamento subterráneo.
  - vi) Desagregación das capacidades técnicas de interconexión con Francia e Portugal por punto físico.
  - vii) Demanda horaria de entrada e saída, desagregada por punto de entrada e saída, coa excepción das saídas cara a consumidores nacionais, que se remitirán agregadas.
  - viii) Demanda diaria cargada en cisternas.
  - ix) Volume horario almacenado nos tanques de GNL.
  - x) Demanda transportada de gas natural, desagregada por punto de entrada e de saída do sistema e diferenciando a demanda nacional entre a demanda convencional e a demanda para a xeración eléctrica.
  - xi) Capacidade contratada, desagregada por punto de entrada ao sistema e de saída e duración do contrato.
  - xii) Volume de gas natural, capacidade contratada, número de barcos descargados, número de cisternas cargadas, número de operacións de carga de GNL en buques, transvasamento de buque a buque e posta en frío, desagregado, se for o caso, por tamaño do buque e diferenciando, se for o caso, entre produtos individuais e agregados. Adicionalmente, indícase o tempo medio de operación dos servizos anteriores e, no caso dos servizos agregados, inclúese a duración media dos contratos formalizados.
  - xiii) Capacidade contratada e volume de gas inxectado/extraído nos almacenamentos subterráneos.
  - xiv) Curva de carga diaria do sistema gasista, diferenciando entre demanda convencional e demanda destinada a xeración eléctrica.
  - xv) Información relativa ás ordes de interrupción que aplicase o GTS a clientes acollidos á peaxe interrompible. Ao menos, remitírase a seguinte información: número de clientes afectados, duración da interrupción, data de interrupción, capacidade interrompida e cumprimento ou non da interrupción.
  - xvi) Calquera outra información que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considere necesaria para a aplicación da presente metodoloxía.
- b) As empresas transportistas e distribuidoras deberán remitir:
  - i) Balance enerxético (entradas-saídas) da súa empresa, desagregado por niveis de presión, para o último exercicio fechado e para o día de máxima demanda dese exercicio.
  - ii) Curvas de carga diaria, agregadas por presión de deseño daqueles clientes con telemedida instalada e operativa, excluídos ciclos combinados, centrais térmicas e peaxes interrompibles correspondentes ao último exercicio fechado.

iii) Curvas de carga diaria desagregada por ciclo combinado, central térmica e cliente acollido a peaxe interrompible, correspondentes ao último exercicio fechado.

iv) Previsións sobre número de clientes, capacidade contratada e consumos, desagregada por grupo tarifario.

v) Previsión individualizada de ciclos combinados, centrais térmicas e fornecementos acollidos a interrompibilidade conectados ás súas redes.

vi) Adicionalmente as empresas distribuidoras remitirán información sobre os custos das instalacións de distribución segundo datos da contabilidade analítica, desagregados por niveis de presión e distinguindo entre planta satélite e rede xeral.

vii) Calquera outra información que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considere necesaria para a aplicación da presente metodoloxía.

c) As empresas propietarias de instalacións de regasificación deberán remitir:

i) Volume de gas natural, capacidade contratada, número de barcos descargados, número de cisternas cargadas, número de operacións de carga de GNL en buques, transvasamento de buque a buque e posta en frío, desagregado, se for o caso, por tamaño do buque. Adicionalmente, indicárase o tempo medio de operación dos servizos anteriores.

ii) Calquera outra información que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considere necesaria para a aplicación da presente metodoloxía.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá supervisar os criterios da información solicitada e a súa calidade, e solicitar, se se considera necesario, a súa revisión aos correspondentes axentes.

4. A Comisión Nacional de Mercados e Competencia publicará na súa páxina web antes de novembro de cada ano os formularios electrónicos incluíndo, se for o caso, os criterios que deberán seguir os axentes afectados para consignar a información solicitada e indicando a forma de envío e os prazos de remisión.

Disposición adicional primeira. *Período tarifario.*

Considerarase como período tarifario o ano de gas, isto é, o período comprendido entre o 1 de outubro dun ano e o 30 de setembro do ano seguinte.

Disposición adicional segunda. *Revisión da metodoloxía.*

1. Con carácter xeral, as metodoloxías establecidas na presente circular serán revisadas cada seis anos.

2. As metodoloxías establecidas na presente circular poderán revisarse, con carácter excepcional, se se producen circunstancias especiais debidamente xustificadas, como cambios regulatorios que afecten a estrutura ou os compoñentes que se enumeran nos artigos 6, 19 e 28, ou modificacións na normativa europea con impacto nela, xa sexa directo ou indirecto.

3. Con anterioridade ao 31 de maio de 2024 realizarase unha consulta pública sobre a metodoloxía aplicable á determinación das peaxes de acceso ás redes de transporte, de acordo co establecido no artigo 27.5 do Regulamento (UE) nº 2017/460.

Disposición adicional terceira. *Liquidación das peaxes de transporte, redes locais e regasificación no marco da disposición transitoria cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño.*

No marco da disposición adicional oitava, punto segundo, letra c), e da disposición transitoria cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o sistema de liquidación desenvolvido na Orde ECO 2692/2002, do 28 de outubro, ten, de acordo co Regulamento (UE) 2017/460, do 16 de marzo, a consideración de mecanismo de compensación entre os xestores da rede de transporte e de procedemento de conciliación de ingresos.

Disposición adicional cuarta. *Peaxe de saída da rede local aplicable aos puntos de recarga de vehículos de gas natural de acceso público.*

1. O comercializador que abasteza un punto de fornecemento para recarga de vehículos a gas natural de acceso público poderá solicitar a aplicación da peaxe regulada nesta disposición ante o distribuidor como opción alternativa ás peaxes xerais. Para isto deberase acreditar que:

- a) O punto de fornecemento será de utilización exclusiva para a recarga de vehículos de gas natural.
- b) O punto de fornecemento é de acceso público.
- c) O punto de fornecemento dispón de equipamento de teledosificación operativo.

2. A peaxe aplicable aos puntos de fornecemento para a recarga de vehículos de gas natural de acceso público será de carácter transitorio até que no punto de fornecemento o volume de consumo anual supere os 5 GWh. A partir dese momento, o punto de fornecemento pasará á peaxe xeral e non lle volverá ser de aplicación a peaxe para a recarga de vehículos de gas natural.

3. Os termos de facturación da peaxe para a recarga de vehículos de gas natural corresponderanse cos termos de facturación do grupo tarifario RL 7.

4. Para efectos da facturación do exceso de capacidade das peaxes de transporte e redes locais, o caudal máximo demandado corresponderase co consumo medio diario rexistrado durante o período de facturación.

5. No caso de que se detecte que o punto de fornecemento non é de dedicación exclusiva á recarga de vehículos de gas, procederase á refacturación aplicando as correspondentes peaxes de acceso ás redes de transporte, redes locais e outros custos de regasificación cunha penalización do 20%.

6. Esta peaxe será de aplicación durante o período regulatorio 2021-2026.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da circular.*

1. A metodoloxía establecida no capítulo II utilizarase para a determinación das peaxes de acceso ás redes de transporte que entren en vigor a partir do 1 de outubro de 2021.

2. A metodoloxía establecida no capítulo III utilizarase para a determinación das peaxes de acceso ás redes locais que entren en vigor a partir do 1 de outubro de 2021.

3. A metodoloxía establecida no capítulo IV utilizarase para a determinación das peaxes de acceso ás instalacións de regasificación que entren en vigor a partir do 1 de outubro de 2020, coa excepción da peaxe doutros custos de regasificación que será de aplicación para a determinación das peaxes que entren en vigor a partir do 1 de outubro de 2021.

4. Até as datas fixadas nos anteriores números continuarán sendo de aplicación a estrutura e as peaxes de transporte e distribución e as regras de facturación vixentes á entrada en vigor da presente circular.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá modificar os prezos dos termos de facturación do termo de conducción das peaxes de transporte e distribución vixentes, tendo en conta o resultado da aplicación das metodoloxías contidas na presente circular e con obxecto de asegurar a suficiencia de ingresos, conforme o artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará no «Boletín Oficial del Estado» mediante resolución os valores das peaxes de acceso ás instalacións de regasificación e, se for o caso os termos de facturación do termo de conducción das peaxes de transporte e distribución, aplicables a partir do 1 de outubro de 2020.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos sistemas informáticos á estrutura de peaxes da circular.*

1. As empresas transportistas titulares das instalacións de regasificación, as comercializadoras e o xestor técnico do sistema disporán até o 30 de setembro de 2020 para adaptaren os sistemas informáticos á estrutura e condicións de facturación das peaxes das instalacións de regasificación definidas na circular.

2. As empresas transportistas, distribuidoras, comercializadoras e o xestor técnico do sistema disporán até o 30 de setembro de 2021 para adaptaren os sistemas informáticos á estrutura e condicións de facturación das peaxes de transporte, redes locais e outros custos de regasificación que se definen na circular.

Disposición transitoria terceira. *Localización inicial dos consumidores no grupo tarifario correspondente.*

1. Para efectos da localización dos fornecementos por primeira vez no grupo tarifario da peaxe de transporte, da peaxe de redes locais e da peaxe doutros custos de regasificación, os responsables da facturación considerarán o consumo rexistrado no período comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

No caso daqueles puntos de fornecemento que fosen dados de alta en data posterior ao 1 de xullo de 2020, aplicarase o establecido no número 1.a) do artigo 25.

2. Os responsables da facturación informarán os consumidores directos no mercado e os comercializadores do grupo tarifario en que se localizan os seus puntos de fornecemento con, ao menos, un mes de anticipación respecto da aplicación das peaxes correspondentes.

O consumidor directo no mercado ou o comercializador poderán solicitar o cambio de peaxe dos puntos de fornecemento que consideren.

3. Para os efectos de facilitar a transición á nova estrutura de peaxes, as facturas de peaxes que se emitan entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de novembro de 2021 poderán conservar a estrutura de peaxes contida no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, sempre que o período comprendido na factura inclúa, ao menos, consumos dun día que sexa anterior ao 1 de outubro de 2021.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación das capacidades contratadas de saída do punto virtual de balance á nova estrutura da peaxe de saída da rede de transporte cara a redes locais, peaxe de redes locais e peaxe doutros custos de regasificación.*

1. A capacidade contratada ou capacidades contratadas de saída do punto virtual de balance aos consumidores finais manteranse en canto non sexan modificadas polos usuarios con dereito a acceso.

2. Para efectos da aplicación da peaxe de saída da rede de transporte cara a redes locais, da peaxe de redes locais e da peaxe asociada á recuperación doutros custos de regasificación, a capacidade contratada do servizo correspondente corresponderase coa capacidade que o usuario tiver contratada para efectos da aplicación do termo de condución da peaxe de transporte e distribución no momento da entrada en vigor da resolución de prezos pola que se establezan os valores das peaxes de acceso á rede de transporte, ás redes locais e regasificación.

3. Os usuarios con dereito a acceso ás instalacións poderán adaptar unha vez as capacidades contratadas sen custo ningún, independentemente de se as modificaron nos doce meses anteriores, comunicándoo segundo corresponda ao transportista, distribuidor ou xestor técnico do sistema, durante os tres meses seguintes á publicación da resolución pola que se establezan os valores das peaxes de acceso á rede de transporte, ás redes locais e regasificación.

Disposición transitoria quinta. *Información aos consumidores.*

As empresas comercializadoras informarán de forma clara e transparente os consumidores da nova estrutura de peaxes nas tres facturas anteriores á entrada en vigor das peaxes de transporte, redes locais e outros custos de regasificación.

Disposición transitoria sexta. *Impacto gradual da aplicación da metodoloxía.*

1. Durante o período transitorio establecido na disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, poderanse limitar as variacións das peaxes de acceso á rede de transporte, ás redes locais e ás plantas de regasificación, asegurando en todo caso a suficiencia das peaxes para recuperar a retribución recoñecida á actividade.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará na resolución pola que se establezan os valores das peaxes de acceso á rede de transporte, ás redes locais e regasificación prevista no artigo 7.1 bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o procedemento para trasladar as variacións de prezos das peaxes durante ese período transitorio.

Para os efectos anteriores, atenderase ao seguinte:

a) Soamente se aplicará un período transitorio a aqueles grupos tarifarios de certa entidade, en termos de número de consumidores ou en termos de volume, que teñan variacións significativas.

b) Terase en conta a estrutura de peaxes establecida no artigo 21 da presente circular, diferenciando, en caso necesario, por presión de fornecemento.

c) Distribución do diferencial durante cada un dos anos que restan até o ano de converxencia.

d) Asignación dos ingresos non recuperados entre o resto de consumidores

Disposición transitoria sétima. *Multiplicadores aplicables aos contratos intradiarios das peaxes de acceso ás instalacións de regasificación no caso de que non se dispoña da información necesaria para calculalos.*

Se non se dispuxer da información necesaria para calcular o multiplicador intradiario dalgún dos servizos prestados nas plantas de regasificación, de acordo co establecido no artigo 32 da presente circular, serán aplicables, de forma transitoria, os multiplicadores intradiarios do servizo de regasificación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xullo de 2020.—A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández Vicién.

## ANEXO I

**Metodoloxía para determinar as peaxes de transporte**

## 1. Custos recuperables mediante as peaxes de transporte baseadas en capacidade:

O custo de transporte que se debe recuperar a través da peaxe de transporte calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$CTC_n = R_{T,n} \pm DR_{T,n} \pm IC_{T,n} + CI_T - PR_T \pm OF_{T,n}$$

Onde:

$CTC_n$ : son os custos de transporte recuperables con cargo ás peaxes de transporte baseadas en capacidade no período tarifario n, expresados en €.

$R_{T,n}$ : é a retribución anual da rede de transporte, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, excluindo a retribución do gas de operación correspondente a esas instalacións no período tarifario n, expresada en €.

$DR_{T,n}$ : son as revisións, se for o caso, da retribución anual da rede de transporte correspondentes a exercicios anteriores, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, excluindo a revisión da retribución do gas de operación correspondente a esas instalacións no período tarifario n, expresadas en €.

$IC_{T,n}$ : son as diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes da actividade de transporte baseados en capacidade correspondente a exercicios anteriores no período tarifario n, expresadas en €.

$CI_T$ : son as compensacións por interrompibilidade aboadas aos usuarios de rede imputables á rede de transporte correspondentes a exercicios anteriores, expresadas en €.

$PR_T$ : son as primas obtidas nas poxas de capacidade correspondentes a puntos de entrada e puntos de saída da rede de transporte, expresadas en €.

$OF_{T,n}$ : son os outros ingresos ou custos liquidables recuperables mediante as peaxes de transporte baseadas en capacidade, segundo se estableza na normativa vixente, diferentes dos anteriores.

n: é o período tarifario para o cal se calculan as peaxes de transporte.

## 2. Custos recuperables mediante as peaxes de transporte baseadas en volume:

O custo de transporte que se debe recuperar a través da peaxe de transporte calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$CTV_n = RGO_{T,n} \pm DRGO_{T,n} \pm IV_{T,n} \pm OV_{T,n}$$

Onde:

$CTV_n$ : son os custos de transporte recuperables con cargo ás peaxes de transporte baseadas en volume no período tarifario n, expresados en €.

$RGO_{T,n}$ : é a retribución anual do gas de operación asociada ás instalacións da rede de transporte, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no período tarifario n, expresada en €.

$DRGO_{T,n}$ : son as revisións, se for o caso, da retribución anual do gas de operación asociada ás instalacións da rede de transporte correspondentes a exercicios anteriores, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, correspondente a esas instalacións no período tarifario n, expresadas en €.

$IV_{T,n}$ : son as diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes da actividade de transporte baseadas en volume correspondente a exercicios anteriores no período tarifario n, expresadas en €.

$OV_{T,n}$ : son os outros ingresos ou custos liquidables recuperables mediante as peaxes de transporte baseadas en volume, segundo se establece na normativa vixente, diferentes dos anteriores.

$n$ : é o período tarifario para o cal se calculan as peaxes de transporte.

3. Retribución recuperable mediante os termos fixos de capacidade aplicables aos puntos de entrada e puntos de saída.

1. A retribución recuperable mediante os termos fixos de capacidade aplicables ás peaxes de entrada determinarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$R_{\Sigma En} = 0,5 \times CTC_n$$

Onde:

$R_{\Sigma En}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante as peaxes de transporte baseadas na capacidade en todos os puntos de entrada.

$CTC_n$ : son os custos de transporte recuperables con cargo ás peaxes de transporte baseadas en capacidade no período tarifario  $n$

2. A retribución recuperable mediante os termos fixos de capacidade aplicables ás peaxes de saída determinarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$R_{\Sigma Ex} = 0,5 \times CTC_n$$

Onde:

$R_{\Sigma Ex}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante as peaxes de transporte baseadas en capacidade en todos os puntos de saída.

$CTC_n$ : son os custos de transporte recuperables con cargo ás peaxes de transporte baseadas en capacidade no período tarifario  $n$

4. O cálculo dos termos de capacidade da peaxe de entrada á rede de transporte comprende os seguintes pasos:

a) Cálculo da distancia ponderada desde cada punto de entrada da rede de transporte a todos os puntos de saída:

$$AD_{En} = \frac{\sum_{all Ex} CAP_{Ex} \times D_{En,Ex}}{\sum_{all Ex} CAP_{Ex}}$$

Onde:

$AD_{En}$  é a distancia media ponderada correspondente a un punto de entrada ou unha agrupación de puntos de entrada, expresada en km.

$CAP_{Ex}$  é a capacidade contratada equivalente prevista no punto de saída físico expresada en kWh/día.

$D_{En,Ex}$  é a distancia mínima entre un punto de entrada e un punto de saída, expresada en quilómetros.

b) Cálculo da ponderación do custo correspondente a cada punto de entrada.

$$W_{c,En} = \frac{CAP_{En} \times AD_{En}}{\sum_{all En} CAP_{En} \times AD_{En}}$$

Onde:

$W_{c,En}$  é a ponderación do custo correspondente a un punto de entrada  
 $AD_{En}$  é a distancia media ponderada correspondente a un punto de entrada, expresada en km.

$CAP_{En}$  é a capacidade contratada prevista para cada punto de entrada físico de acordo co establecido no artigo 4 da presente circular, expresada en kWh/día

c) Cálculo da retribución recuperable por cada punto de entrada.

$$R_{En} = W_{c,En} \times R_{\Sigma En}$$

Onde:

$R_{En}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante as peaxes de transporte baseadas en capacidade nun punto de entrada, expresada en euros.

$W_{c,En}$  é a ponderación do custo correspondente a un punto de entrada  
 $R_{\Sigma En}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante as peaxes de transporte baseadas en capacidade en todos os puntos de entrada, expresada en euros.

d) Termo de capacidade da peaxe de entrada á rede de transporte por punto físico

$$T_{En} = \frac{R_{En}}{CAP_{En}}$$

Onde:

$T_{En}$  é a peaxe de transporte baseada en capacidade aplicable nun punto de entrada físico, expresada en €/(kWh/día)/ano con seis decimais.

$CAP_{En}$  é a capacidade contratada prevista para un punto de entrada, expresada en kWh/día

$R_{En}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante peaxes de transporte baseadas en capacidade nun punto de entrada, expresada en euros.

5. O cálculo dos termos de capacidade da peaxe de saída á rede de transporte comprende os seguintes pasos:

a) Cálculo da distancia ponderada desde cada punto de saída da rede de transporte a todos os puntos de entrada.

$$AD_{Ex} = \frac{\sum_{all\ Ex} CAP_{En} \times D_{En,Ex}}{\sum_{all\ En} CAP_{En}}$$

Onde:

$AD_{Ex}$  é a distancia media ponderada correspondente a un punto de saída ou unha agrupación de puntos de saída, en km.

$CAP_{En}$  é a capacidade contratada prevista no punto de entrada, expresada en kWh/día

$D_{En,Ex}$  é a distancia mínima entre un punto de entrada e un punto de saída calculada en km.



- b) Cálculo da ponderación do custo correspondente a cada punto de saída.

$$W_{c,Ex} = \frac{CAP_{Ex} \times AD_{Ex}}{\sum_{all\ Ex} CAP_{Ex} \times AD_{Ex}}$$

Onde:

$W_{c,Ex}$  é a ponderación do custo correspondente a un punto de saída concreto.

$AD_{Ex}$  é a distancia media ponderada correspondente a un punto de saída, en km.

$CAP_{Ex}$  é a capacidade contratada prevista nun punto de saída, expresada en kWh/día.

- c) Cálculo da retribución recuperable por cada punto de saída.

$$R_{Ex} = W_{c,Ex} \times R_{\Sigma Ex}$$

Onde:

$W_{c,Ex}$  é a ponderación do custo correspondente a un punto de saída concreto

$R_{\Sigma Ex}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante peaxes de transporte baseadas en capacidade, en euros

$R_{Ex}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante peaxes de transporte baseadas en capacidade nun punto de saída ou unha agrupación deles, en euros.

- d) Termo de capacidade da peaxe de saída á rede de transporte por punto físico

$$T_{Ex} = \frac{R_{Ex}}{CAP_{Enx}}$$

Onde:

$T_{Ex}$  é a peaxe de transporte baseada en capacidade aplicable nun punto de saída físico, expresada €/(kWh/día)/ano con seis decimais.

$CAP_{Ex}$  é a capacidade contratada prevista nun punto de saída, expresada en kWh/día.

$R_{Ex}$  é a parte da retribución por servizos de transporte que se debe recuperar mediante peaxes de transporte baseadas en capacidade nun punto de saída ou unha agrupación deles, en €.

6. Cálculo das peaxes de transporte baseadas en volume.

As peaxes de transporte baseadas en volume, aplicable aos puntos de entradas e saída da rede de transporte, determinaranse de acordo coa seguinte fórmula:

$$TV_n = \frac{CTV_n}{V_{En,n} + V_{Ex,n}}$$

Onde:

$TV_n$  é a peaxe de transporte baseada en volume, aplicable aos puntos de entrada e saída da rede de transporte no período tarifario n, expresada en €/kWh con seis decimais.

$CTV_n$  é a retribución de transporte recuperable con cargo ás peaxes de transporte baseadas en volume no período tarifario n, en €.

$V_{En,n}$  é o volume que se vai inxectar na rede de transporte a través dos puntos de entrada da rede de transporte previstos para período tarifario n, en kWh.

$V_{Ex,n}$  é o volume que se vai extraer na rede de transporte a través dos puntos de saída da rede de transporte previstos para o período tarifario n, en kWh.

## ANEXO II

### Metodoloxía para determinar as peaxes de acceso ás redes locais

1. Retribución fixa que inclúen as peaxes de acceso ás redes locais.

A retribución fixa recuperable mediante a aplicación das peaxes de acceso ás redes locais determinarase aplicando a seguinte fórmula:

$$CD_n = RL_n + RS_n + RD_n \pm DRL_n \pm DRS_n \pm DRD_n + CI_n \pm IC_{D,n} - IV_{D,n} \pm O_{D,n}$$

Onde:

$CD_n$ : é a retribución recuperable con cargo ás peaxes acceso ás redes locais no período tarifario n, expresada en €.

$RL_n$ : é a retribución anual da rede de transporte de influencia local, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, excluindo a retribución do gas de operación correspondente a esas instalacións correspondente ao período tarifario n, expresada en €.

$RS_n$ : é a retribución anual da rede de transporte secundario, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, excluindo a retribución do gas de operación correspondente a esas instalacións correspondente ao período tarifario n, expresada en €.

$RD_n$ : é a retribución anual da rede de distribución, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia correspondente ao período tarifario n, expresada en €.

$DRL_n$ : é a revisión da retribución anual da rede de transporte de influencia local, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, incluíndo a retribución do gas de operación correspondente a esas instalacións correspondente ao período tarifario n, expresada en €.

$DRS_n$ : é a revisión da retribución anual da rede de transporte secundario, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, incluíndo a retribución do gas de operación correspondente a esas instalacións correspondente ao período tarifario n, expresada en €.

$DRD_n$ : é a revisión da retribución anual da rede de distribución, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia correspondente ao período tarifario n, expresada en €.

$CI_n$ : son as compensacións por interrompibilidade aboadas aos usuarios de rede imputables á rede de influencia local, rede de transporte secundario e rede de distribución, expresadas en €, correspondentes a exercicios anteriores.

$IC_{D,n}$ : son as diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes de acceso ás redes locais correspondente a exercicios anteriores no período tarifario n, expresadas en €.

$IV_{D,n}$ : son as diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos asociados á recuperación da retribución variable que se calcularán de acordo co establecido no punto 3 do presente anexo, expresadas en €.

$O_{D,n}$ : son outros ingresos ou custos liquidables segundo se estableza na normativa vixente, diferentes dos anteriores.

n: é o período tarifario para o cal se calculan as peaxes de acceso ás redes locais, expresado en €.

## 2. Asignación da retribución da distribución por indutor de custo.

A retribución da distribución recoñecida á actividade de distribución incluíndo, se for o caso, revisións de exercicios anteriores desagregase por indutor de custo conforme as seguintes fórmulas:

$$RD_{cliente,n} = (RD_n \pm DRD_n) \times C_{cliente}$$

$$RD_{capacidade,n} = (RD_n \pm DRD_n) \times C_{capacidade}$$

Onde:

$RD_{cliente,n}$ : é a retribución de distribución cuxo indutor de custo é o cliente, correspondente ao ano n.

$RD_{capacidade,n}$ : é a retribución da distribución cuxo indutor de custo é a capacidade, correspondente ao período tarifario n.

$C_{cliente}$ : é a proporción do custo das redes de distribución cuxo indutor de custo é o cliente, establecida no punto 1.a) do anexo IV da presente circular.

$C_{capacidade}$ : é a proporción do custo das redes de distribución cuxo indutor de custo é a capacidade, establecida no punto 1.a) do anexo IV da presente circular.

## 3. Desagregación da retribución fixa cuxo indutor de custo é a capacidade por nivel de presión.

A retribución recuperable mediante a aplicación das peaxes de acceso ás redes locais será a seguinte:

a) A retribución fixa atribuíble a rede de 60 bar determinarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$CDF_{n,60bar} = (RL_n \pm DRL_n)$$

$$+ \left( \frac{RL_n \pm DRL_n}{RL_n + RS_n + RD_{capacidade,n} \pm DRL_n \pm DRS_n} \right)$$

$$\times (CI_n \pm IC_{D,n} - IV_{D,n} \pm O_{D,n})$$

Onde:

$CDF_{n,60bar}$ : é a retribución fixa atribuíble á rede de 60 bar recuperable con cargo ás peaxes de acceso ás redes locais.

b) A retribución fixa atribuíble a rede de presión comprendida entre 16 e 60 bar determinarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$CDF_{n,16-60bar} = (RS_n \pm DRS_n)$$

$$+ \left( \frac{RS_n \pm DRS_n}{RL_n + RS_n + RD_{capacidade,n} \pm DRL_n \pm DRS_n} \right)$$

$$\times (CI_n \pm IC_{D,n} - IV_{D,n} \pm O_{D,n})$$

Onde:

$CDF_{n,60bar}$ : é a retribución fixa atribuíble á rede comprendida entre 16 e 60 bar recuperable con cargo ás peaxes de acceso ás redes locais.

c) A retribución atribuíble a rede de presión comprendida entre 4 e 16 bar e inferior a 4 bar determinarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$CDF_{n,NP} = \left\{ RD_{capacidade,n} + \left( \frac{RD_{capacidade,n}}{RL_n + RS_n + RD_{capacidade,n} \pm DRL_n \pm DRS_n} \right) \times (CI_n \pm IC_{D,n} - IV_{D,n} \pm O_{D,n}) \right\} \times C_{NP}$$

Onde:

$CDF_{n,NP}$ : é a retribución fixa atribuíble ao nivel de presión NP recuperable con cargo ás peaxes de acceso ás redes locais correspondente ao período tarifario n.

$C_{NP}$ : é a proporción do custo das redes de distribución correspondente ao nivel de presión NP, establecida no punto 1.b) do anexo IV da presente circular.

NP: son os niveis de presión. En particular consideraranse os seguintes:

- Presión inferior a 4 bar.
- Presión comprendida entre 4 e 16 bar.

#### 4. Retribución variable que inclúen as peaxes de acceso ás redes locais

A retribución variable recuperable mediante a aplicación das peaxes de acceso ás redes locais determinarase aplicando a seguinte fórmula:

$$CDV_n = RGO_{D,n} \pm DRGO_{D,n} \pm IV_{T,n}$$

Onde:

$CDV_n$ : é a retribución variable recuperable con cargo ás peaxes de acceso ás redes locais.

$RGO_{D,n}$ : é a retribución anual do gas de operación asociada ás redes locais, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no período tarifario n.

$DRGO_{D,n}$ : son as revisións, se for o caso, da retribución anual do gas de operación das redes locais correspondentes a exercicios anteriores, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, correspondente a esas instalacións no período tarifario n.

$IV_{T,n}$ : é a diferenza de ingresos asociados á recuperación da retribución variable que se calcularán de acordo coa seguinte fórmula:

$$IV_{T,n} = \sum_{j=n-1}^{n-2} CDV u_j \times (V - \hat{V}_j)$$

Onde

